



### XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN. DIRECCIÓN TERRITORIAL DE LUGO. SERVIZO DE EMPREGO, RELACIÓNS LABORAIS, TRABALLO AUTÓNOMO E ECONOMÍA SOCIAL

*Anuncio*

#### CONVENIOS COLECTIVOS

Código 27000815012000

Visto o texto do Convenio Colectivo da Sanidade Privada da provincia de Lugo, asinado o día 28 de maio de 2024 pola representación empresarial e polas centrais sindicais UGT (72,73%) e CSI-CSIF (4,55%), como membros da comisión negociadora, e de conformidade co disposto no artigo 90 apartados 2 e 3 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e no Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos e acordos colectivos de traballo ACORDO:

PRIMEIRO: Ordenar a inscrición do citado convenio colectivo no rexistro de convenios desta dirección territorial, así como o seu depósito.

SEGUNDO: Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Lugo, 3 de xuño de 2024.- A directora territorial, Pilar Fernández López.

#### **CONVENIO COLECTIVO DA SANIDADE PRIVADA DA PROVINCIA DE LUGO**

##### **Capítulo I.- Ámbito de Aplicación**

###### **Artigo 1º.- Ámbito funcional**

O presente Convenio será de aplicación e de obrigado cumprimento nas actividades de hospitalización, asistencia, consulta e laboratorios de análises clínicos, sexa cal sexa a súa forma xurídica, e que estean comprendidas no ámbito de aplicación da Ordenanza Laboral para Establecementos Sanitarios de Hospitalización, Consulta e Asistencia, aprobada por Orde Ministerial de 25 de Novembro de 1976.

###### **Artigo 2º.- Ámbito territorial**

As normas do presente Convenio serán de aplicación en todo o territorio da provincia de Lugo.

###### **Artigo 3º.- Ámbito temporal**

O presente Convenio terá vixencia dende o 1 de xaneiro de 2017 ata o 31 de decembro de 2026, con independencia da data da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, elo coa excepción daquelas materias para as que se regule outra vixencia diferente no presente Convenio.

##### **Capítulo II.- Vinculación, Denuncia e Prórroga**

###### **Artigo 4º.- Vinculación á totalidade**

No suposto de que a Administración ou Xurisdicción competente anulase ou invalidase algún dos pactos incluídos no presente Convenio por considerar que conculca a legalidade vixente ou lesiona gravemente intereses de terceiros, e como queira que este Convenio na súa redacción actual constitúe un todo orgánico e indivisible, terase por totalmente ineficaz, debendo reconsiderarse o seu contido íntegro pola Comisión Negociadora.

###### **Artigo 5º.- Denuncia, prórroga e incremento automático**

Ao extinguirse o período de aplicación e vixencia do presente Convenio, este considerarase expresamente denunciado, sen necesidade de efectuar ningún trámite.

Producida a denuncia, o Convenio quedará prorrogado tacitamente por sucesivos períodos dunha anualidade, ata que entre en vigor un novo Convenio.

Non obstante os acordos aos que se chegue nun novo Convenio polas partes lexitimadas para negocialo, durante o período ou períodos nos que, no seu caso, quede prorrogado o Convenio, aplicarase de modo automático, a partir do 1 de xaneiro de cada ano, incremento sobre o salario base vixente para cada categoría, así como sobre os outros conceptos retributivos nos que este proxecte a súa repercusión, consistente no IPC previsto polo Goberno para o ano en curso.

#### **Artigo 6º.- Compensación e Absorción**

As condicións económicas establecidas neste Convenio, consideradas no seu conxunto e cómputo anual, serán absorbibles e compensables coas melloras salariais que viñeran satisfacendo as empresas, ben sexa por imperativo legal, concesión voluntaria ou outras causas.

Aos efectos de levar á práctica esta compensación e absorción as empresas disporán dun prazo de dous meses a contar dende a publicación do presente Convenio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo para modificar as contías que ata agora viñan aplicando á nova estrutura salarial. Nos sucesivos anos de vixencia o prazo de dous meses comezará a contar dende o 1 de xaneiro de cada anualidade.

Exclúese do sistema previsto no presente artigo o complemento de antigüidade e os complementos extrasalariais ou que non coticen á Seguridade Social.

No caso de que a compensación e absorción prevista neste artigo supoña conxelación salarial, aboarase o 50% do incremento pactado a aquelas persoas traballadoras que se atoparan nesta situación.

Ao fin de facilitar o cumprimento do previsto no parágrafo anterior naqueles supostos nos que proceda, achégase ao presente Convenio, identificado como Anexo III o cálculo correspondente a cada grupo e nivel profesional.

#### **Artigo 7º.- Condicións máis beneficiosas**

Serán respectadas estrictamente ad personam aquelas condicións máis beneficiosas que teña a persoa traballadora concedidas pola empresa, por pacto ou costume, elo ca salvedade prevista no artigo 6.

### **Capítulo III.- Comisión Paritaria**

#### **Artigo 8º.- Comisión Paritaria**

Créase unha Comisión Paritaria entre as partes asinantes deste Convenio Colectivo, integrada por dous representantes por cada unha das centrais asinantes do presente Convenio, que exercerán voto ponderado en función da súa representatividade, e igual número de representantes pola parte empresarial.

A Comisión Paritaria será o órgano de interpretación, conciliación, arbitraje e vixilancia do cumprimento do presente Convenio.

De conformidade co indicado no parágrafo anterior, as funcións específicas da Comisión Paritaria serán as seguintes:

- Interpretación do Convenio.
- Conciliación facultativa.
- Arbitraje das cuestións ou problemas que lle sexan sometidas por ambas partes de común acordo en asuntos derivados do Convenio.
- Vixilancia do cumprimento do pactado.
- Cantas outras facultades ou competencias lle correspondan de conformidade coa lexislación vixente.

As consultas ou peticións dirixidas á Comisión Paritaria se canalizarán a través de calquera das organizacións integrantes da mesma, debendo poñerse de acordo as partes sobre o lugar, data e hora de celebración da reunión necesaria para atender a consulta ou petición e levantar acta do acordo ou desacordo no prazo máximo de 15 días naturais a contar dende a data da consulta ou petición, salvo que os membros da Comisión acordasen por unanimidade a necesidade de contar cun prazo maior de resolución.

No caso de non acadarse acordo no seo da Comisión, as partes someteranse ás distintas modalidades de resolución de conflitos establecidas no AGA (Acordo Interprofesional Galego sobre Procedementos Extraxudiciais para a Solución de Conflitos Colectivos de Traballo) nos termos contemplados no mesmo.

Nos supostos de inaplicación previstos no artigo 82.3 do Estatuto dos Traballadores, a Comisión Paritaria disporá dun prazo máximo de sete días para pronunciarse a contar dende que a discrepancia lle fora prantexada e, no caso de non acadarse acordo no seo da Comisión, as partes someteranse ás modalidades de resolución de conflitos do AGA nos termos referidos no parágrafo anterior.

### **Capítulo IV.- Tempo de Traballo**

#### **Artigo 9º.- Xornada de Traballo**

A xornada de traballo queda fixada en 1.784 horas de traballo efectivo.

A partires do 1 de xaneiro de 2024 a xornada de traballo queda fixada en 1.760 horas de traballo efectivo.

As empresas poderán distribuír a xornada establecida no parágrafo anterior ao longo do ano mediante criterios de fixación uniforme ou irregular, afectando a uniformidade ou irregularidade ben a todo o cadro de persoal ou de forma diversa por seccións ou departamentos, por períodos estacionais do ano en función das previsións das distintas cargas de traballo ou desprazamentos da demanda.

En todo caso a distribución da xornada anual levarase a cabo no cómputo mensual a razón de 162 horas e 11 minutos ao mes ata a anualidade 2023. Dende o 1 de xaneiro de 2024 a distribución da xornada anual en cómputo mensual pasa a ser de 160 horas por mor da redución de xornada pactada dende esta anualidade.

Caso de que a xornada mensual supere o cómputo anterior, haberá de regularizarse dito exceso, a medio de descansos, dentro dos 15 días seguintes. No caso contrario dito exceso terá a consideración de horas extraordinarias.

Non obstante o establecido nos parágrafos anteriores, os excesos que puideran ter lugar na distribución da xornada en cómputo mensual no primeiro semestre da anualidade 2024 por mor da redución da xornada anual con efectos retroactivos do 1 de xaneiro de 2024, poderán regularizarse a medio de descansos ao longo do segundo semestre da anualidade 2024, pasando a ter a consideración de horas extraordinarias os excesos que, no seu caso, non foran compensados neste segundo semestre da anualidade.

Na distribución da xornada respectaranse en todo caso os límites de xornada e descansos previstos no Estatuto dos Traballadores.

No caso de prestacións de servizos en xornada continuada que exceda de seis horas, a persoa traballadora terá dereito a un descanso de 20 minutos por xornada, que terá a consideración de tempo efectivo de traballo.

#### **Artigo 10º.- Horas Extraordinarias**

A.- Terán a consideración de horas extraordinarias aquelas que excedan dos límites previstos no artigo anterior.

B.- A realización de horas extraordinarias por parte da persoa traballadora será voluntaria, coas salvedades que resulten do presente artigo.

C.- As partes asinantes acordan a conveniencia de reducir ao mínimo indispensable as horas extraordinarias, e elo de acordo cos seguintes criterios:

1.- Horas extraordinarias habituais: supresión.

2.- Horas extraordinarias esixidas pola necesidade de reparar sinistros e outros danos extraordinarios e urxentes, así como no caso de risco de perda de materiais e materias primas: realización.

3.- Horas extraordinarias de carácter estrutural, entendendo por tales as necesarias por períodos punta de produción, ausencias imprevistas, cambios de quendas e outras circunstancias de carácter estrutural: mantemento, sempre que non podan ser atendidas mediante o emprego das distintas modalidades de contratación de duración determinada establecidas na lexislación.

4.- No ámbito do presente Convenio fíxase un máximo de 60 horas anuais de horas extraordinarias nas que, no seu caso, non se computarán as establecidas no apartado 2.

D.- As horas extraordinarias serán compensadas da seguinte forma: compensación por tempo de descanso equivalente, a disfrutar nos quince días seguintes ao período no que tivera lugar a hora extraordinaria ou, no seu caso, período que resulte da aplicación do establecido no parágrafo sexto do artigo 9 con relación ás horas do primeiro semestre da anualidade 2024.

Por acordo entre empresa e a persoa traballadora, o descanso compensatorio pode ser substituído polos seguintes incrementos de retribución:

\* As primeiras 10 horas extraordinarias anuais aboaranse con un recargo do 30% sobre o salario que corresponda a unha hora ordinaria.

\* A partires das 10 horas extraordinarias anuais e ata 30 horas aboaranse con un recargo do 45% sobre o salario que corresponda a unha hora ordinaria.

\* O resto das horas extraordinarias anuais aboaranse con un recargo do 60% sobre o salario que corresponda a unha hora ordinaria.

#### **Artigo 11º.- Gardas Localizadas**

Cada catro horas de localización computarán como unha hora de traballo efectivo, de xeito que as horas anuais de traballo efectivo (horas de traballo ordinario, fora das gardas localizadas) sumadas ao 25% das horas anuais de localización, non poderán superar a xornada máxima anual.

**Fórmula ou procedemento a seguir:**

- 1.- Cálculo das horas de gardas localizadas
- 2.- Cálculo do 25% do número de horas de gardas localizadas
- 3.- Xornada efectiva de traballo anual-25% do número de horas de gardas localizadas= xornada en carteleira
- 4.- No caso de que a xornada en carteleira máis a xornada efectivamente realizada en gardas localizadas exceda da xornada efectiva de traballo anual, o exceso se compensará con descanso.

A modo de mero exemplo:

- 1.- Horas de gardas localizadas= 1.000 horas
- 2.- 25% do número de horas de gardas localizadas= 250 horas
- 3.- Xornada efectiva anual  $1.784-250=1.534$  horas [horas de traballo efectivo en carteleira, fora de gardas localizadas]
- 4.- Para o caso de que a prestación de traballo efectivo en gardas localizadas exceda de 250 horas, o exceso se compensaría con descanso.

Terá a consideración de xornada efectiva de traballo o tempo empregado en atender os requirimentos, incluído o tempo de desprazamento, de aquelas persoas traballadoras que teñan gardas localizadas.

**Artigo 12º.- Vacacións**

Todo o persoal afectado por este Convenio Colectivo terá dereito a un período de vacacións anuais de 30 días naturais, retribuído conforme ó promedio obtido polo traballador polos conceptos económicos salariais dos tres meses anteriores á data de iniciación das vacacións.

As vacacións disfrutaranse preferentemente durante o período de xuño a setembro (ambos os dous incluídos), debendo aprobarse o calendario de vacacións dentro do primeiro trimestre do ano.

En caso de disfrute de vacacións de modo fraccionado en dous períodos, a persoa traballadora terá preferencia na elección de un dos períodos de disfrute, tendo a empresa a preferencia con relación ó outro período.

Con independencia da situación na que se atopen, as persoas traballadoras poderán cambiar entre elas as vacacións sempre ca oportuna comunicación á empresa, debidamente firmada por ambas persoas traballadoras, e sempre que se trate de persoas traballadoras de categoría equivalente que presten servizos na mesma unidade o sección. A comunicación haberá de facerse con alomenos un mes de antelación á data do inicio do período de vacacións do persoal afectado.

No caso de non existir outro sistema acordado polas persoas traballadoras da empresa, establecerase unha orde rotativa de preferencia no que primará, o primeiro ano, o criterio da antigüidade. A partires dese primeiro ano, establécese unha orde rotativa de preferencia de tal xeito que a persoa traballadora que un ano foi a primeira en escoller quenda, pasará a ser o último no calendario de vacacións do ano seguinte.

**Artigo 13º.- Licencias e Permisos**

Sen prexuízo do dereito ao disfrute dos permisos retribuídos establecidos no Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, para os distintos supostos (accidente ou enfermidade grave de familiares; hospitalización ou intervención cirúrxica de familiares; ou calquera outro suposto), as persoas traballadoras suxeitas ao presente Convenio teñen dereito ás seguintes melloras en materia de permisos, de xeito que poderán ausentarse do traballo, previo aviso e xustificación, con dereito a remuneración, polos motivos e o tempo seguinte:

- a) No caso de falecemento de cónxuxe, parella de feito, pais e fillos/as: 5 días.
- b) No caso de falecemento do resto de parentes ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade que convivan coa persoa traballadora: 4 días.
- c) No caso de falecemento de parentes ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade que non convivan coa persoa traballadora: 3 días se o falecemento ten lugar na provincia. Se ten lugar fóra da provincia o prazo será de 4 días.
- d) No caso de matrimonio de parentes de primeiro e segundo grao de consanguinidade ou afinidade: un día.
- e) No caso de cambio de domicilio: 1 día. Se o cambio ten lugar para concello distinto do que viñera sendo a residencia habitual da persoa traballadora, o prazo será de 2 días.
- f) Polo tempo indispensable para acudir a exames para a obtención de títulos oficiais, incluídos os de oposicións. No caso de concorrencia masiva a exames na mesma data procuraranse os mecanismos de garantía necesarios para non comprometer a cobertura asistencial.

- g) Polo tempo indispensable para asistir a consulta médica oficial, probas ou recoñecementos médicos en centros sanitarios.
- h) No caso de realización de amniocentese: 2 días, tendo dereito ao desfrute desta licencia tanto a muller traballadora que se que somete á proba, como a parella da traballadora xestante para atender ao coidado de aquela.
- i) As persoas traballadoras, por lactación de fillo/a menor de 9 meses, terán dereito a unha hora de ausencia ao traballo, que poderán dividir en dúas fraccións.

A persoa traballadora, pola súa vontade, poderá substituír este dereito por unha redución da súa xornada en media hora cá mesma finalidade ou acumulalo en xornadas completas.

No caso de acumulación da lactación a xornadas completas de traballo, a acumulación terá lugar nun período de catorce días naturais.

Non obstante, para os supostos de lactación que se inicien dende a publicación do presente Convenio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, a acumulación terá lugar nun período de dezaseis días laborables.

A maiores do anterior, o persoal suxeito ao presente Convenio con máis de un ano de antigüidade na empresa, terá dereito a un permiso non retribuído de ata un máximo de 15 días naturais ao ano, sempre e cando se solicite xustificadamente e con unha antelación de, polo menos, unha semana. En todo caso as empresas poderán denegar de forma motivada e por causas organizativas o disfrute do permiso non retribuído previsto no parágrafo anterior, dentro dos dous días seguintes á solicitud do mesmo.

O permiso non retribuído regulado no parágrafo anterior poderá ampliarse ata unha duración total de tres meses no caso de enfermidade ou accidente grave do cónxuxe, parella de feito ou parentes de ata o primeiro grao que convivan coa persoa traballadora que impliquen ingreso hospitalario de longa duración e/ou requiriran a necesidade do seu coidado directo, continuo e permanente, acreditado por Informe de servizo público de saúde. Neste suposto a empresa non poderá denegar por causas organizativas o disfrute do permiso non retribuído.

Aos efectos previstos neste artigo, asimilárase ao cónxuxe a parella de feito que conviva co traballador ou traballadora sempre que estean debidamente inscritas no rexistro de parellas de feito do concello correspondente, tendo dereito ás mesmas licencias que os cónxuxes.

#### **Artigo 14º.- Días de libre disposición**

Establécense 3 días ao ano como días de libre disposición ou de asuntos propios.

Con independencia e sen prexuízo do anterior, a partires da publicación do presente Convenio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, as persoas traballadoras terán dereito a ausentarse do seu posto de traballo durante a data do seu cumpreaños, tendo o desfrute de dita data a consideración de licencia retribuída. No caso de nacemento da persoa traballadora en data 29 de febreiro, terá a consideración de data de cumpreaños o 1 de marzo.

Os días de asuntos propios, que non serán acumulables a vacacións, haberán de solicitarse por escrito á dirección da empresa, como norma xeral, con 8 días de antelación á data en que se pretenda o desfrute. A empresa contestará afirmativa ou negativamente no prazo de 3 días laborais. De non facelo, darase por aceptada a petición.

Sen prexuízo de que non será preciso alegar razóns para solicitar esta licencia nin presentar xustificación algunha, a licencia de días de libre disposición poderá denegarse motivadamente pola empresa en base a necesidades asistenciais que así o xustifiquen nas unidades ou servizos aos que estea afecta a persoa traballadora solicitante.

No caso de que a persoa traballadora non poida disfrutar do día/s de asuntos propios solicitados por razóns organizativas da empresa dentro do ano natural, terá dereito a disfrutar o día ou días denegados dentro da primeira quincena do mes de xaneiro do ano seguinte.

#### **Artigo 15º.- Excedencias**

##### **A.-EXCEDENCIA FORZOSA**

A excedencia forzosa dará dereito á reserva do posto de traballo e ao cómputo da antigüidade. Á persoa traballadora se lle concederá a excedencia forzosa se foi nomeada ou elixida para cargo público ou sindical cando o exercicio da súa función sexa incompatible coa prestación do seu servizo na empresa.

##### **B.- EXCEDENCIA VOLUNTARIA**

A persoa traballadora con alomenos unha antigüidade dun ano na empresa ten dereito a que se lle recoñeza, por motivos particulares, a posibilidade de situarse en excedencia voluntaria por un prazo non menor a catro meses e non maior a cinco anos. A petición da excedencia será resolta pola empresa no prazo máximo de quince días, a partir da data de presentación da solicitud.

En tal caso a persoa traballadora conservará un dereito preferente ao reingreso, no caso de existencia de vacantes de igual o similar categoría á súa.

Para o caso de que a persoa traballadora solicitara inicialmente esta excedencia por período inferior ao máximo previsto, poderá solicitar a ampliación ao prazo máximo preavisando á empresa cun mes de antelación á data inicialmente prevista de incorporación.

#### C.- EXCEDENCIA POR COIDADADO DE MENORES

A persoa traballadora terá dereito a disfrutar de excedencia para o coidado de fillos/as, tanto o sexan por natureza como adoptivos, ou nos supostos de garda con fins de adopción ou acollemento permanente, cuxa duración máxima será de tres anos a contar dende a data de nacemento do fillo/a ou, no seu caso, da resolución administrativa ou xudicial.

Cando un novo suxeito causante dera dereito a un novo período de excedencia, o inicio da mesma porá fin ao que, no seu caso, se viñera disfrutando.

Nesta excedencia a persoa traballadora terá dereito, durante o primeiro ano de excedencia, á reserva do seu posto de traballo e, durante o resto da excedencia, dereito á reserva dun posto de traballo do mesmo grupo profesional ou posto de traballo equivalente, sendo todo o período de excedencia computable aos efectos de antigüidade.

Para o caso de que a persoa traballadora solicitara inicialmente esta excedencia por período inferior ao máximo previsto, poderá solicitar a ampliación ao prazo máximo preavisando á empresa cun mes de antelación á data inicialmente prevista de incorporación.

Recoñécese o dereito da persoa traballadora a por fin ou renunciar á excedencia da que viñera disfrutando con antelación á data prevista para a súa reincorporación. Neste caso a empresa garantirá a reincorporación efectiva da persoa traballadora ao seu posto de traballo ou a posto de traballo do mesmo grupo profesional ou posto de traballo equivalente, segundo proceda, dentro dos 30 días seguintes á solicitude de renuncia.

#### D).- EXCEDENCIA POR COIDADADO DE PARENTES

A persoa traballadora terá dereito a disfrutar de excedencia, cuxa duración máxima será de tres anos, para atender ao coidado do cónxuxe ou parella de feito, ou dun parente ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade, incluído o familiar consanguíneo da parella de feito, que, por razóns de idade, accidente ou enfermidade, ou discapacidade, non poda valerse por si mesmo, e sempre que non desempeñe actividade retribuída.

No caso de que un novo suxeito causante dea dereito a un novo período de excedencia, o inicio de esta porá fin á que se viñera disfrutando.

Nesta excedencia a persoa traballadora terá dereito, durante o primeiro ano de excedencia, á reserva do seu posto de traballo, e durante o resto da excedencia, dereito á reserva dun posto de traballo do mesmo grupo profesional ou posto de traballo equivalente, sendo todo o período de excedencia computable ós efectos de antigüidade.

Para o caso de que a persoa traballadora solicitara inicialmente esta excedencia por período inferior ao máximo previsto, poderá solicitar a ampliación ao prazo máximo preavisando á empresa cun mes de antelación á data inicialmente prevista de incorporación.

Recoñécese o dereito da persoa traballadora a por fin ou renunciar á excedencia da que viñera disfrutando con antelación á data prevista para a súa reincorporación. Neste caso a empresa garantirá a reincorporación efectiva da persoa traballadora ao seu posto de traballo ou a posto de traballo do mesmo grupo profesional ou posto de traballo equivalente, segundo proceda, dentro dos 30 días seguintes á solicitude de renuncia.

### **Capítulo V.- Retribucións**

#### **Artigo 16º.- Salario Base**

Enténdese por salario base a parte da retribución do traballador fixada por unidade de tempo sen atender a circunstancias persoais, de posto de traballo, por cantidade o calidade de traballo, ou de vencemento periódico superior ao mes.

Con efectos do 1 de xaneiro de 2024 a táboa salarial do Convenio actualizarase no porcentaxe do IPC real anual mais 1,2 puntos correspondente ás anualidades do período 2017-2023, resultando unha táboa salarial actualizada que servirá de base para aplicar o incremento pactado para o exercicio 2024.

**Incremento ano 2024:** Sobre a táboa salarial actualizada conforme ao previsto no parágrafo anterior, aplicarase incremento do 4%, resultando a táboa salarial con vixencia dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2024.

Os atrasos a que, no seu caso, haxa lugar pola publicación tardía da táboa salarial con vixencia dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2024 serán aboados no prazo máximo de tres meses a contar dende a publicación do presente Convenio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Incremento ano 2025: Sobre a táboa salarial do 2024 aplicarase incremento do 4%, resultando a táboa salarial con vixencia dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2025.

Incremento ano 2026: Sobre a táboa salarial do 2025 aplicarase incremento do 4%, resultando a táboa salarial con vixencia dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2026.

Achéganse ao presente Convenio, identificadas como Anexo I, a táboa salarial actualizada á que se fai referencia no presente artigo, así como as táboas salariais resultantes dos incrementos salariais pactados para as anualidades 2024, 2025 e 2026.

#### **Artigo 17º.- Prima demora sinatura de Convenio**

En atención á demora que tivo lugar na sinatura do Convenio, recoñécese a favor das persoas traballadoras que veñan prestando servizos nas empresas do sector á data de publicación do presente Convenio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo o dereito ao percibo dunha prima de demora non consolidable, que se aboará ás persoas traballadoras dunha soa vez e que non formará parte de futuros incrementos ou negociacións.

O importe da prima de demora, segundo grupo e nivel profesional, achégase ao presente Convenio no anexo identificado como Anexo II, que recolle os importes da prima para as persoas traballadoras que, estando de alta na empresa á data de publicación do presente Convenio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, teñan prestados servizos na empresa a xornada completa dende o 1 de xaneiro de 2017 ata o 31 de decembro de 2023 e calquera que fora o salario que percibiran neste período. No caso de prestación de servizos por tempo inferior e/ou con xornada inferior, a persoa traballadora percibirá a prima na súa parte proporcional.

A prima de demora se aboará, xunto co resto dos haberes da nómina ou recibo de salarios, dentro dos tres meses seguintes á publicación do presente Convenio no Boletín Oficial de Lugo, cotizándose á Seguridade Social no mes seguinte ao seu abono conforme as regras xerais de cotización á Seguridade Social.

#### **Artigo 18º.- Antigüidade**

As persoas traballadoras comprendidas dentro do ámbito de aplicación do presente Convenio Colectivo percibirán como complemento persoal de antigüidade, un aumento periódico polo tempo de servizos prestados á mesma empresa, consistente no abono de trienios devengandos dende o 1 de xaneiro de 1999 en contía de 22,47€ o trienio, cun límite de dez trienios.

Dende o mes da publicación do presente Convenio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, a contía do trienio será de 30,00€/trienio cun límite de dez trienios.

O importe de cada trienio comezará a devengarse o día 1 do mes seguinte ó do seu cumprimento.

Con independencia do anterior, a antigüidade que ata o 1 de xaneiro de 1999 devengasen os traballadores, manterase como antigüidade consolidada.

#### **Artigo 19º.- Pagas Extraordinarias: Xullo e Nadal**

Establécense para o ámbito de aplicación do presente Convenio dúas pagas extraordinarias ó ano, de Xullo e Nadal, que consistirán, cada unha delas, nunha mensualidade de salario base máis antigüidade, entendéndose por antigüidade tanto a consolidada que devengaran ata o 31 de decembro de 1998 como a que devengaran a partires do 1 de xaneiro de 1999 en función dos trienios establecidos no presente Convenio.

A data de cobro de ditas pagas será, respectivamente, o 30 de xuño e o 15 de decembro de cada ano.

#### **Artigo 20º.- Pagas Extraordinarias: Paga de Beneficios**

Así mesmo establécese no ámbito de aplicación do presente Convenio unha paga extraordinaria chamada de beneficios, a cobrar o 15 de abril de cada ano, na contía de 30 días de salario base máis antigüidade, incluíndo a antigüidade consolidada e a devengada a partires do 1 de Xaneiro de 1999.

#### **Artigo 21º.- Plus de Nocturnidade**

Establécese un complemento por traballo nocturno consistente no 25% do salario base.

Considérase traballo nocturno o comprendido entre as 22 horas e as 6 horas do día seguinte. Se o tempo traballado dentro do período nocturno fose inferior a catro horas, aboarase exclusivamente sobre as horas traballadas.

Este plus non afecta ó persoal que fora contratado para un horario nocturno fixo.

#### **Artigo 22º.- Complemento de posto de traballo. Plus de Toxicidade**

En razón da maior especialidade, toxicidade, perigosidade ou penosidade, establécese un complemento retributivo, equivalente ó 20% do salario base, en favor do persoal sanitario -técnico ou subalterno- que desempeñe postos de traballo en algunha das seguintes seccións ou departamentos: quirófanos, radioelectroloxía, radioterapia, medicina nuclear, laboratorio de análises, unidades de coidados intensivos e ril artificial.

Para ter dereito ó percibo de este complemento será preciso que a dedicación da persoa traballadora ao posto teña carácter exclusivo ou preferente e en forma habitual e continuada.

Cando o destino no posto non teña carácter habitual e continuado, só se percibirá este complemento en razón dos días en que se desempeñen labores en dito posto, e calquera que sexa o número de horas de dedicación ó mesmo durante a xornada.

Este complemento de posto de traballo percibirase única e exclusivamente mentres a persoa traballadora desempeñe efectivamente a praza ou posto calificado, e non suporá a consolidación persoal do dereito cando o persoal que o veña percibindo sexa destinado a posto de traballo non calificado como de toxicidade.

Para ter dereito ó percibo deste complemento será preciso por último que a dedicación sexa continuada. A estes efectos se considera como tal a dedicación nas actividades penosas, tóxicas ou perigosas dun horario superior á media xornada.

### **Artigo 23º.- Traballo en domingos e festivos e en datas de especial significación**

1.- Con efectos dende a publicación do presente Convenio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo establécese un plus de traballo en domingos en importe de 10€ por cada domingo traballado.

2.- Con efectos dende a publicación do presente Convenio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo establécese un plus de traballo en festivos en importe de 15€ por cada festivo traballado.

O importe do plus de traballo en festivos na anualidade 2025 será de 20€.

O importe do plus de traballo en festivos na anualidade 2026 será de 25€.

3.- Con efectos dende a publicación do presente Convenio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo establécese un plus de traballo en días de especial significación en importe de 40€ por cada día de especial significación traballado.

O importe do plus de traballo en días de especial significación na anualidade 2025 será de 45€.

O importe do plus de traballo en días de especial significación na anualidade 2026 será de 50€.

Terán a consideración de días de especial significación ao fin de xerarse dereito ao plus regulado neste apartado as seguintes xornadas de traballo:

- Quenda de tarde do 24 de decembro
- Quenda de noite do 24 ao 25 de decembro
- Quenda de mañá do 25 de decembro
- Quenda de tarde do 25 de decembro
- Quenda de tarde do 31 de decembro
- Quenda de noite do 31 de decembro ao 1 de xaneiro
- Quenda de mañá do 1 de xaneiro
- Quenda de tarde do 1 de xaneiro
- Quenda de tarde do 5 de xaneiro
- Quenda de noite do 5 ao 6 de xaneiro
- Quenda de mañá do 6 de xaneiro
- Quenda de tarde do 6 de xaneiro

Nos supostos nos que as quendas de días de especial significación teñan lugar en día festivo, a persoa traballadora terá dereito ao cobro do plus de maior contía, isto é, o plus de traballo en días de especial significación.

### **Artigo 24º.- Garantía de cumprimento do Salario Mínimo Interprofesional: conceptos excluídos e cómputo mensual**

1.- Con efectos dende o 1 de xaneiro de 2024 ata o 31 de decembro de 2026, as partes asinantes acordan que, aos efectos do cumprimento do Salario Mínimo Interprofesional vixente para cada unha de ditas anualidades, quedarán excluídos, a maiores das retribucións correspondentes á realización de horas extraordinarias, os seguintes conceptos económicos de Convenio, que haberán de ser abonados, no seu caso, por enriba da retribución bruta mínima necesaria para acadar o cumprimento do Salario Mínimo Interprofesional vixente:

- a) Antigüidade
- b) Plus de nocturnidade



- c) Plus de traballo en domingos
- d) Plus de traballo en festivos
- e) Plus de traballo en días de especial significación

2.- Ao fin de facer efectiva a obriga de retribución bruta mínima no importe do Salario Mínimo Interprofesional vixente, tomarase en conta:

- Dun lado, o Salario Mínimo Interprofesional mensual vixente en cada anualidade, resultante de dividir o importe anual do Salario Mínimo Interprofesional entre 12 mensualidades.
- Doutro lado, a retribución bruta mensual da persoa traballadora, excluíndo os conceptos relacionados no apartado 1 do presente artigo, e engadindo a prorrata de pagas extraordinarias para o caso de non aboarse de xeito prorrateado e, no seu caso, outras percepcións de devengo superior ao mes que haxan de ser prorrateadas para a súa cotización á Seguridade Social.

## **Capítulo VI.- Prestacións Sociais**

### **Artigo 25º.- Incapacidade Temporal**

As empresas complementarán ata o 100% do salario de Convenio as prestacións económicas derivadas de accidente laboral ou enfermidade profesional.

Así mesmo as empresas complementarán ata o 100% do salario de Convenio as prestacións económicas derivadas de accidente non laboral ou enfermidade común nos supostos de hospitalización da persoa traballadora e mentres dure esta. Fora de este suposto de hospitalización, as empresas complementarán as prestacións económicas derivadas de accidente non laboral ou enfermidade común ata alcanzar a persoa traballadora o 90% do salario de Convenio durante os 20 primeiros días da I.T. e ata alcanzar o 100% do salario de Convenio a partir do día 21 da I.T.

### **Artigo 26º.- Póliza de Seguro**

As empresas suxeitas a este Convenio contratarán a favor do seu persoal traballador un seguro que cubra os riscos de invalidez permanente, nos graos de total, absoluta e grande invalidez, así coma morte, derivados de accidente de traballo e enfermidade profesional, na contía de 18.000 euros.

A partires do cumprimento do prazo de dous meses a contar dende a publicación do presente Convenio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, a contía ou cobertura da póliza regulada neste artigo pasará a ser de 25.000 euros.

### **Artigo 27º.- Seguro de saúde**

A partires da publicación do presente Convenio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, nos termos indicados no seguinte parágrafo, as empresas con plantillas superiores a 50 traballadores e traballadoras concertarán a favor do seu persoal traballador indefinido un seguro de saúde complementario ao da sanidade pública con entidade privada de libre elección pola empresa, ao que se poderán adherir estas persoas traballadoras de xeito voluntario manifestándoo á empresa, e sendo o 75% da prima resultante de tal aseguramento a cargo da empresa.

Habida conta de constituír esta obriga de aseguramento unha nova regulación do convenio, as empresas que resulten obrigadas polo presente artigo disporán dun prazo máximo de dous meses a contar dende a publicación do convenio para xestionar a contratación da póliza correspondente.

O aseguramento regulado neste artigo terá a cobertura básica deste tipo de pólizas de aseguramento.

## **Capítulo VIII.- Contratación**

### **Artigo 28º.- Forma do contrato de traballo, contratación estable e modalidades de contratación**

28.1.- **Forma do contrato de traballo:** A contratación das persoas traballadoras se axustará ás normas legais vixentes en cada momento e ás normas específicas previstas no presente Capítulo, debendo constar por escrito os contratos de traballo sempre que así o esixa unha disposición legal e, en todo caso, os contratos formativos; os contratos temporais ou de duración determinada, calquera que sexa a súa duración; os contratos fixos-descontínuos; e os contratos a tempo parcial, xa sexan de duración indefinida ou temporal.

Do mesmo xeito, formalizaranse por escrito as comunicacións de prolongación ou ampliación dos contratos de traballo de duración determinada e os pactos de horas complementarias.

Farase constar no contrato de traballo o contido xeral das condicións que se pacten. En todo caso considerárase contido mínimo do contrato de traballo formalizado por escrito o seguinte: a identificación das partes contratantes; a duración do contrato; a xornada de traballo; no seu caso, o período de proba pactado; a duración das vacacións o centro de traballo, grupo, nivel ou categoría profesional do persoal traballador; a retribución pactada e a expresión do convenio colectivo aplicable.

As persoas traballadoras contratadas por tempo determinado e/ou tempo parcial terán os mesmos dereitos e igualdade de trato nas relacións laborais que as demais persoas traballadoras da plantilla, salvo as limitacións que se deriven da natureza e duración do contrato e da xornada laboral pactada.

**28.2.- Contratación estable:** As partes asinantes do presente Convenio, ao fin de acadar unha maior estabilidade no emprego, acordan fomentar a contratación indefinida, establecendo un cadro de persoal fixo mínimo nas empresas de máis de 3 persoas traballadoras do 60% do cadro de persoal total, e do 70% para as empresas de máis de 15 persoas traballadoras. Aos efectos do cumprimento do cadro de persoal fixo, tomarase en conta a media dos derradeiros 24 meses.

Exceptúanse do previsto no apartado anterior as empresas ou centros de nova creación e as empresas ou centros que, durante a vixencia do Convenio, incrementen o seu cadro de persoal total de xeito significativo, entendendo por tal o incremento do persoal traballador da empresa en a lo menos un 30%. Nestes casos terase en conta un período de carencia de 2 anos para o cumprimento do cadro de persoal fixo mínimo.

Habida conta de constituír o cadro de persoal fixo mínimo previsto no presente apartado unha nova regulación, establécese un período transitorio dun ano ao fin de que as empresas afectadas acaden, no seu caso, as porcentaxes establecidas.

**28.3.- Contratación temporal ou de duración determinada:** A contratación temporal ou de duración determinada, sexa formativa ou non, se rexerá polo presente artigo e polas regras establecidas no Estatuto dos Traballadores e normativa que o desenvolva.

En todo caso, será necesario para concertar contratos temporais ou de duración determinada a concorrencia de causa xustificada de temporalidade nos termos establecidos no Estatuto dos Traballadores, especificándose no contrato a causa habilitante da contratación temporal.

A retribución do persoal traballador contratado baixo a modalidade de contrato formativo para a obtención da práctica profesional será, como mínimo, o 90% do salario correspondente ao grupo profesional e nivel retributivo correspondente ás funcións desempeñadas.

Os contratos por circunstancias da produción regulados no artigo 15.2 do Estatuto dos Traballadores que obedezan ao incremento ocasional e imprevisible da actividade e ás oscilación que, aínda tratándose da actividade normal da empresa, xeran un desaxuste temporal entre o emprego estable dispoñible e o que se require, poderán ter unha duración máximo de ata un ano.

#### **Artigo 29º.- Período de Proba**

Establécese un período de proba máximo de 3 meses para técnicos/as titulado/as e de 2 meses para o resto das persoas traballadoras, coa salvedade do persoal de servizos xerais e servizos varios, no que se reducirá a 1 mes.

#### **Artigo 30º.- Preaviso para o Cese**

As persoas traballadoras que desexen cesar voluntariamente no servizo da empresa virán obrigadas a poñelo en coñecemento desta cumprindo cun prazo de preaviso de 15 días.

O incumprimento por parte da persoa traballadora da obriga de preavisar coa indicada antelación dará dereito á empresa a descontar da liquidación da mesma o importe do salario dun día por cada día de retraso no preaviso.

Nos casos de terminación do contrato ou baixa voluntaria da persoa traballadora, farase entrega a esta da copia do finiquito correspondente con tres días de antelación á data de cese.

### **Capítulo IX.- Outras Materias**

#### **Artigo 31º.- Seguridade e saúde laboral**

**31.1. – Seguridade e saúde laboral:** De conformidade co disposto na Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, así como nas lexislacións sucesivas que a complementan e desenvolven, o persoal traballador ten dereito a unha protección eficaz en materia de seguridade e saúde no traballo, dereito que supón o correlativo deber das empresas de protexer ao persoal traballador ao seu servizo fronte aos riscos laborais.

Os dereitos de información, consulta e participación en materia preventiva, paralización da actividade no caso de riscos graves e inminentes, e vixilancia do seu estado de saúde, nos termos previstos na Lei 3/1995, forman parte dos dereitos do persoal traballador a unha protección eficaz en materia de seguridade e saúde no traballo.

Neste marco, as empresas realizarán a prevención de riscos laborais mediante o correspondente Plan de Prevención, avaliación de riscos, e planificación da actividade preventiva, implantando cantas medidas sexan necesarias para a protección da seguridade e saúde do persoal traballador nos temos previstos na Lei 31/1995 e as sucesivas normas que a desenvolven e complementan.

Igualmente neste marco, as empresas garantirán que o persoal traballador reciba unha formación teórica e práctica suficiente e axeitada en materia preventiva. No caso de que dita formación non sexa impartida dentro da xornada de traballo, as horas invertidas nela haberán de ser compensadas pola empresa.

Corresponde ao persoal traballador velar, segundo as súas posibilidades e mediante o cumprimento das medidas de prevención que en cada caso sexan adoptadas, pola súa propia seguridade e saúde no traballo e pola daqueloutras persoas ás que poida afectar a súa actividade profesional, por mor dos seus actos e omisións no traballo, de conformidade coa súa formación e as instrucións do empresario.

31.2. – Vixilancia da saúde; recoñecementos médicos: As empresas garantiránlle ao persoal traballador ao seu servizo a vixilancia periódica do seu estado de saúde en función dos riscos inherentes ao seu traballo de conformidade co previsto no artigo 22 da Lei de prevención de riscos laborais e no artigo 37.3 do Regulamento dos servizos de prevención.

No marco do indicado no parágrafo anterior, as empresas estarán obrigadas como mínimo a un recoñecemento médico anual para todo o persoal, non sendo necesaria a realización de recoñecementos médicos xerais nos casos nos que os recoñecementos médicos específicos de cada posto de traballo inclúan as probas propias dos recoñecementos xerais.

Os recoñecementos médicos serán realizados por entidade acreditada para iso e o tempo empregado para a súa realización terá a consideración de tempo de traballo efectivo. Para o suposto de que, por razóns organizativas da propia empresa ou da entidade que leve a cabo o recoñecemento, este non se poida levar a cabo dentro da xornada de traballo, compensaráselle ao persoal traballador as horas investidas na realización do devandito recoñecemento.

#### **Artigo 32º.- Cota Sindical**

A requirimento das persoas traballadoras afiliadas a algunha das Centrais Sindicais asinantes do presente Convenio, as empresas descontarán na nómina mensual das persoas traballadoras o importe da cota sindical correspondente.

A persoa traballadora interesada na realización desta operación remitirá á Dirección da empresa un escrito no que expresará con claridade a orde de desconto, a Central Sindical á que pertence, a contía da cota sindical, así como o número da conta da Caixa de Aforros ou entidade bancaria á que lle deba ser transferida a correspondente cantidade. As empresas efectuarán as anteditas detraccións, salvo indicación en contra da persoa traballadora.

#### **Artigo 33º.- Dereitos Sindicais**

A).- Sen prexuízo de calquera dereitos que o Estatuto dos Traballadores ou lexislación xeral atribúa ós/ás representantes legais das persoas traballadoras nas empresas, estas disporán dun taboleiro de anuncios para emprego da representación legal das persoas traballadoras na empresa. A súa situación será pactada.

B).- No ámbito de aplicación do presente Convenio o crédito de horas laborais retribuídas que a lexislación xeral recoñece ós representantes legais das persoas traballadoras para o exercicio das súas funcións representativas, poderá acumularse nun ou varios dos compoñentes da representación legal existente na empresa, sempre se comunique á dirección da empresa con oito días de antelación ao mes no que teña lugar a acumulación, e non supoña alteración grave do réxime laboral da empresa.

C).- Entre outros, a representación legal das persoas traballadoras no marco do presente Convenio, terá dereito a recibir trimestralmente información da empresa en materia económica e a coñecer e ter á súa disposición anualmente o balance, conta de resultados e memoria da empresa.

#### **Artigo 34º.- Roupas de Traballo**

As empresas facilitarán anualmente ao persoal traballador roupa de traballo e calzado, de uso obrigatorio, axeitada ao posto de traballo, tendo o persoal a obriga de utilizar e conservar axeitadamente ditas prendas. Non obstante establecerse que a duración normal das prendas de traballo é dun ano, as empresas procederán á reposición individual das mesmas cando sexa necesario polo seu uso no traballo.

En todo caso considerarase cumprida a obriga contemplada neste artigo no suposto de poñer a empresa a disposición do persoal traballador stock de roupa de traballo non personalizada para o seu uso durante a xornada de traballo.

As empresas proveerán ao persoal traballador de roupa de abrigo no caso de realización de traballos á intemperie e no caso de postos de traballo que, por estar expostos a cambios térmicos, precisen de ditas prendas.

#### **Artigo 35º.- AGA**

As partes asinantes deste Convenio consideran o Acordo Interprofesional Galego sobre Procedementos Extraxudiciais de Solución de Conflictos de Traballo (AGA) como o canal idóneo para a solución dos conflitos colectivos laborais.

### Artigo 36º.- Igualdade e prohibición de discriminación

1.- Igualdade de oportunidades e de trato: As partes asinantes do presente convenio, conscientes da necesidade de seguir avanzando na igualdade de mulleres e homes no ámbito laboral, e incidir na igualdade de trato e non discriminación de xénero, así como na eliminación de estereotipos, fomentando o igual valor do persoal traballador en todos os ámbito, comprométese a adoptar as medidas que estimen necesarias e acordan levar a cabo diferentes actuacións en base aos seguintes principios:

- Promover a aplicación efectiva da igualdade de oportunidades na empresa en canto ao acceso ao emprego, a formación, á promoción, á protección á maternidade e nas condicións de traballo.
- Previr, detectar e erradicar calquera manifestación de discriminación, directa ou indirecta.
- Identificar conxuntamente liñas de actuación e impulsar e desenvolver accións concretas nesta materia.
- Impulsar unha presenza equilibrada da muller nos ámbitos da empresa.

2.- Prohibición de discriminación: Dentro das empresas, o persoal traballador non poderá ser discriminado por razóns de idade ou discapacidade, por razón de sexo, orixe, incluído o racial ou étnico, estado civil, ideoloxía, relixión, orientación ou condición sexual, afiliación política ou sindical, sendo nulos e sen efecto os pactos, decisións ou accións que dean lugar a situacións de discriminación polas causas indicadas.

3.- Igualdade retributiva: Conforme ao indicado os dereitos e obrigacións establecidas na lexislación laboral e neste convenio afectarán por igual ao home e á muller.

Neste senso, as empresas, calquera que sexa a súa dimensión, virán obrigadas a cumprir coas disposicións legais en materia de rexistro retributivo da súa plantilla e, nos supostos legalmente previstos, virán obrigadas a levar a cabo a correspondente auditoría retributiva.

4.- Plan de igualdade: Nas empresas de máis de 50 traballadores/as, as medidas de igualdade deberán dirixirse á elaboración e aplicación dun plan de igualdade.

Os plans de igualdade das empresas son un conxunto ordenado de medidas, adoptados despois de realizar un diagnóstico de situación, tendentes a alcanzar na empresa a igualdade de trato e oportunidades ente mulleres e homes e eliminar discriminación por razón de sexo.

Os plans de igualdade fixarán os concretos obxectivos de igualdade a alcanzar, as estratexias e prácticas a adoptar para a súa consecución, así como o establecemento de sistemas eficaces de seguimento e avaliación dos obxectivos fixados.

Para a consecución destes obxectivos fixados, os plans de igualdade poderán contemplar entre outras cousas as materias de acceso ao emprego, clasificación profesional, promoción e formación, retribucións, ordenación do tempo de traballo para favorecer, en termos de igualdade entre mulleres e homes, a conciliación laboral, persoal e familiar, e prevención do acoso sexual e do acoso por razón de sexo.

### Artigo 37º.- Dereito á desconexión dixital

As partes asinantes do presente Convenio coinciden na necesidade de impulsar no ámbito do presente Convenio o dereito á desconexión dixital unha vez rematada a xornada laboral.

A tales efectos, con carácter xeral as empresas comprométese a non enviar comunicacións ao persoal traballador (mails, mensaxes profesionais) fora do horario de traballo salvo nos casos de concorrencia de situacións ou circunstancias imprevistas que fixeran imposible a remisión da comunicación dentro da xornada de traballo; supostos nos que a non atención da comunicación poida afectar a urxencias asistenciais ou temas legais de urxente atención; e situacións que comprometan a viabilidade da empresa ou que lle ocasionen prexuízos graves, e sempre que a mesma non poida esperar, por razóns organizativas de carácter urxente, á seguinte xornada de traballo.

En ningún caso terá a consideración de vulneración do previsto no presente artigo a remisión de comunicacións feitas para o envío de documentación periódica (recibos de salarios ou similares) ou de contido informativo xeral nin a remisión de comunicacións a aquelas persoas traballadoras que estean á disposición da empresa, entendendo neste caso que a persoa terá o deber de atender as comunicación da empresa de conformidade coas normas que regulen o réxime de dispoñibilidade.

Fora das excepcións indicadas no parágrafo anterior, recoñécese o dereito do traballador a non responder á mensaxe profesional remitido fora do seu horario de traballo, non podéndose adoptar calquera medida disciplinaria ou despido que teña como base a non atención das comunicacións nestes supostos.

### Artigo 38º.- Clasificación Profesional

O sistema de clasificación profesional establécese en base a grupos profesionais e áreas funcionais.

Grupos Profesionais

Definicións

Grupo I

### 1. Criterios xerais

Funcións que supoñen a realización de tarefas técnicas complexas e heteroxéneas, con obxectivos globais definidos e alto grado de exixencia en autonomía, iniciativa e responsabilidade.

Funcións que supoñen a integración, coordinación e supervisión de funcións, realizadas por un conxunto de colaboradores dunha mesma unidade funcional.

Inclúense tamén neste grupo profesional funcións que supoñen responsabilidade completa pola xestión dunha ou varias áreas funcionais da empresa, a partires de directrices xerais moi amplas directamente emanadas da propia dirección, aos que deben dar conta da súa xestión, así como funcións que supoñen a realización de tarefas técnicas de máis alta complexidade e incluso a participación na definición dos obxectivos concretos a acadar no seu campo, con moi alto grado de autonomía, iniciativa e responsabilidade en dito cargo de especialidade técnica.

### 2. Formación:

Titulación ou coñecementos adquiridos no desempeño da súa profesión equivalente a Diplomados/as, Enxeñeiros Técnicos/as e Arquitectos Técnicos/as, completada cunha experiencia dilatada no seu sector profesional ou Licenciados/as, Enxeñeiros/as, Arquitectos/as e Doutores/as, completada cunha formación específica.

Integrarán este grupo os seguintes postos de traballo de referencia, segundo áreas funcionais:

#### ÁREA FUNCIONAL: SANITARIA

- Médico/a adxunto ou especialista
- Médico/a xeralista
- Psicólogo/a
- Farmacéutico/a, Odontólogo/a

#### ÁREA FUNCIONAL: TÉCNICA NON SANITARIA

- Letrado/a, Economista
- Físico/a, Químico/a

### Grupo II

#### 1. Criterios xerais:

Funcións que supoñen a integración, coordinación e supervisión de tarefas diversas, realizadas por un conxunto de colaboradores, así como tarefas complexas pero homoxéneas que, aínda sen implicar responsabilidade de mando, teñen un alto contido intelectual ou de interrelación humana, nun marco de instrucións xerais de alta complexidade técnica.

#### 2. Formación:

Titulación ou coñecementos adquiridos no desempeño da súa profesión equivalentes a Diplomados/as, Enxeñeiros/as ou Arquitectos Técnicos/as, ou Licenciados/as, completada cunha formación específica no posto de traballo.

Integrarán este grupo os seguintes postos de traballo de referencia, segundo áreas funcionais:

#### ÁREA FUNCIONAL: SANITARIA

- ATS/DUE/Matronas/as
- Fisioterapeuta, logopeda
- Asistente social

#### ÁREA FUNCIONAL: TÉCNICA NON SANITARIA

- Graduado social
- Titulado/a mercantil

### Grupo III

#### 1. Criterios xerais:

Traballos de execución autónoma que exixan, habitualmente, iniciativa por parte dos traballadores/as que os desempeñan, comportando baixo supervisión, a responsabilidade dos mesmos e podendo ser axudados por outras ou outros traballadores/as.

Tamén formarán parte deste grupo, todas aquelas funcións que, tendo un contido medio de actividade intelectual e de interrelación humana, supoñan a integración, coordinación e supervisión de tarefas homoxéneas, realizadas por un conxunto de colaboradores/as, nun estadio organizativo menor.

## 2. Formación:

Titulación ou coñecementos adquiridos no desempeño da súa profesión equivalentes a Bacharelato, Bacharelato Unificado Polivalente ou Formación Profesional de Técnico Superior ou Técnico Especialista, complementada con formación específica e/ou experiencia dilatada no posto de traballo.

Integrarán este grupo os seguintes postos de traballo de referencia, segundo áreas funcionais:

### ÁREA FUNCIONAL: ADMINISTRACION

- Oficial Administrativo
- Xefe de Xestión Administrativa

### ÁREA FUNCIONAL: SANITARIA

- Técnico Especialista
- Hixienista dental, dentista

## Grupo IV

### 1. Criterios xerais

Tarefas que consisten en operacións realizadas seguindo un método de traballo preciso, con supervisión directa ou sistemática, que exixen normalmente coñecementos profesionais de carácter elemental e aptitudes prácticas, ou, no seu defecto, un período breve de adaptación.

## 2. Formación

Titulación ou coñecementos adquiridos no desempeño da súa profesión equivalentes a Graduado en Educación Secundaria, Educación Xeral Básica ou Formación Profesional de Técnico/a o Técnico/a Auxiliar, complementada cunha formación específica no posto de traballo.

Integrarán este grupo os seguintes postos de traballo de referencia, segundo áreas funcionais:

### ÁREA FUNCIONAL: SERVICIOS XERAIS

- Xefe de almacén

### ÁREA FUNCIONAL: HOSTALARIA

- Cociñeiro/a

### ÁREA FUNCIONAL: OFICIOS VARIOS

- Electricista, mecánico/a, carpinteiro/a, fontaneiro/a, calefactor/a, albanel, xardiñeiro/a, conductor/a
- Vixiante nocturno

### ÁREA FUNCIONAL: ADMINISTRACION

- Auxiliar administrativo

### ÁREA FUNCIONAL: SANITARIA

- Auxiliar de Enfermería
- Auxiliar Sanitario

## Grupo V

### 1. Criterios xerais:

Engloba todas aquelas tarefas que se executen segundo instrucións concretas, claramente establecidas, cun alto grado de dependencia, que requiran preferentemente esforzo físico ou atención e que non necesitan de formación específica salvo a ocasional dun período de adaptación.

## 2. Formación:

Experiencia adquirida no desempeño dunha profesión equivalente e titulación de Graduado en Educación Secundaria, Graduado Escolar ou Certificado de Escolaridade ou certificado de ter cursado a Educación Secundaria Obrigatoria ou de ter cursado un programa de garantía social ou similar.

Integrarán este grupo os seguintes postos de traballo de referencia, segundo áreas funcionais:

**ÁREA FUNCIONAL: SERVICIOS XERAIS**

- Telefonista
- Limpador/a

**ÁREA FUNCIONAL: HOSTALARIA**

- Axudante de cociña
- Costureiro/a
- Pinche, camareiro/a
- Pasador/a, lavandeiro/a

**ÁREA FUNCIONAL: OFICIOS VARIOS**

- Axudante
- Peón
- Conserxe
- Porteiro/a

**ÁREA FUNCIONAL: SANITARIA**

- Celador Sanitario
- Coidador Sanitario
- Axudante de odontoloxía
- Axudante de fisioterapia

**Artigo 39º.- Réxime sancionador ou código de conducta**

O código de conducta queda establecido do seguinte xeito:

1. presente acordo sobre Código de conducta laboral ten como fin o mantemento dun ambiente laboral respectuoso ca normal convivencia, ordenación técnica e organización da empresa, así como a garantía e defensa dos dereitos e lexítimos intereses das persoas traballadoras e empresarios.
2. A dirección da empresa poderá sancionar as accións ou comisións culpables das persoas traballadoras que supoñan un incumprimento contractual dos seus deberes laborais, de acordo coa graduación das faltas que se establece no presente artigo, e con coñecemento da representación legal das persoas traballadoras na empresa e segundo o principio de legalidade e tipicidade.
3. Corresponde á empresa, no uso da facultade de dirección, impoñer sancións nos termos estipulados no presente acordo, estas serán revisables pola xurisdición competente
4. A sanción das faltas requirirá comunicación por escrito á persoa traballadora, facendo constar a data e feitos que o motivaron, dándolle trámite de audiencia; a empresa dará conta aos representantes legais das persoas traballadoras de todos os expedientes abertos susceptibles de concluír en faltas/sancións de calquera tipo.
5. Imposta a sanción, o cumprimento temporal da mesma se poderá dilatar ata sesenta días despois da data da súa imposición.
6. Gradación de faltas.

Toda falta cometida polas persoas traballadoras se clasificará en atención á súa transcendencia ou intención en: leve, grave ou moi grave.

**A. Faltas leves.**

Consideraranse faltas leves as seguintes:

1. -A impuntualidade non xustificada na entrada ou na saída do traballo de ata tres ocasións nun período dun mes sempre que tales impuntualidades sumen conxuntamente un retraso total superior a 15 minutos. Para o caso de que se tivese que relevar a un compañeiro/a de traballo, terá a consideración de grave.
- 2.- A inasistencia inxustificada dun día ao traballo nun período dun mes.
- 3.- Non notificar con carácter previo, ou no seu caso, dentro das 24 hs seguintes, a inasistencia ao traballo, salvo que se probe a imposibilidade de facelo.
- 4.- O abandono do servizo ou do posto de traballo sen causa xustificada por períodos breves de tempo, se como consecuencia diso se ocasionara prexuízo de algunha consideración nas persoas ou nas cousas.

5.- Os deterioros leves na conservación ou mantemento dos equipos e material de traballo dos que fora responsable, sempre e cando se derivara dunha conducta negligente e en ningún caso cando fora por accidente.

6.- A desatención ou falta de corrección no trato co público.

7.- Non comunicar á empresa os cambios de residencia ou domicilio a efectos de notificacións, sempre que estes poidan ocasionar algún tipo de conflito ou prexuízo á empresa.

8.- Non comunicar coa puntualidade debida os cambios experimentados na familia da persoa traballadora que teñan incidencia na SS ou na Administración Tributaria.

9.- Todas aquelas faltas que supoñan o incumprimento de prescricións, ordes ou mandatos dun superior no exercicio regular das súas funcións que non comporte prexuízos para as persoas ou as cousas.

10.- A inasistencia a cursos de formación teórica, práctica, dentro da xornada ordinaria de traballo, sen a debida xustificación.

11.- Discutir con compañeiros/as ou clientes dentro da xornada de traballo.

12.- A embriaguez ou consumo de drogas non habitual no traballo.

#### b) Faltas Graves

Consideraranse falta graves as seguintes:

1.- A impuntualidade non xustificada na entrada ou saída do traballo en máis de tres ocasións, sen superar as nove, no período dun mes e sempre que que tales impuntualidades sumen conxuntamente un retraso total superior a 30 minutos. Para o caso de que se tivese que relevar a un compañeiro de traballo, terá a consideración de moi grave.

2.- A inasistencia non xustificada ao traballo de 2 a 4 días, durante o período dun mes. Bastará unha soa falta cando esta afectara ao relevo dun compañeiro/a ou se, como consecuencia da inasistencia, se ocasionara prexuízo de algunha consideración á empresa.

3.- Falseamento ou omisión maliciosa dos datos que teñan incidencia tributaria ou na SS.

4.- A desatención ou desidia durante a xornada de traballo que prexudique o desenvolvemento do traballo así como as faltas de respecto e comportamentos inadecuados en presenza de persoas alleas á empresa tales como provedores, clientes ou pacientes.

5.- A desobediencia ás ordes ou mandatos das persoas de quen se dependa organicamente no exercicio regular das funcións, sempre que isto ocasione ou teña unha transcendencia grave para as persoas ou as cousas.

6.- A falta de aseo ou limpeza persoal que produza queixas xustificadas dos compañeiros/as de traballo e sempre que previamente mediara a oportuna advertencia por parte da empresa.

7.- Suplantar a outro traballador/a, alterando os rexistros e controis de entrada ou saída ao traballo.

8.- A realización, sen previo consentimento da empresa, de traballos particulares, durante a xornada de traballo, así como o emprego para usos propios ou alleos dos útiles, ferramentas, maquinaria ou vehículos da empresa, incluso fóra da xornada de traballo.

9.- A reincidencia na comisión de falta leve (excluída a puntualidade) aínda que sexa de distinta natureza, dentro dun trimestre e mediando sanción.

10.- Calquera atentado contra a liberdade sexual das persoas traballadoras que se manifeste en ofensas verbais ou físicas, falta de respecto á intimidade ou á dignidade das persoas.

11.- A embriaguez ou consumo de drogas non habituais, se repercute negativamente no traballo ou constitúen un prexuízo ou perigo no nivel de protección da seguridade e saúde das persoas traballadoras no traballo.

#### B. Faltas moi graves

Consideraranse faltas moi graves as seguintes:

1.- A impuntualidade non xustificada na entrada ou saída do traballo en máis de 10 ocasións durante o período de un mes, ou ben máis de 20 nun ano.

2.- A inasistencia ao traballo durante 3 días consecutivos ou 5 alternos nun período dun mes.

3.- Fraude, deslealdade ou abuso de confianza nas xestións encomendadas e o furto ou roubo, tanto a compañeiros/as de traballo como á empresa ou a calquera outra persoa dentro das dependencias da empresa, ou durante o traballo en calquera outro lugar.



4.- A simulación de enfermidade ou accidente. Entenderase que existe infracción laboral, cando encontrándose de baixa o traballador/a por calquera das causas sinaladas, realice traballos de calquera índole por conta propia ou allea.

Tamén terá a consideración de falta moi grave toda manipulación efectuada para prolongar a baixa por accidente ou enfermidade.

5.- Abandono do servizo ou posto de traballo sen causa xustificada aínda por breve tempo, se como consecuencia do mesmo se ocasionara un prexuízo considerable á empresa ou aos compañeiros/as de traballo, se puxera en perigo a seguridade ou fora causa de accidente.

6.-Quebrantamento ou violación de segredos de obrigada confidencialidade da empresa.

7.- A realización de actividades que impliquen competencia desleal á empresa.

8.-A merma voluntaria e continuada do rendemento do traballo normal ou pactado.

9.- Os maltratos de palabra ou obra, a falta de respecto e consideración a seus superiores ou a subordinados/as, aos familiares destes, así como aos seus compañeiros/as de traballo, provedores e clientes da empresa.

10.- O abuso de autoridade por parte dos xefes/as.

11.-A reincidencia en falta grave, aínda que sexa de distinta natureza, sempre que as faltas se comentan nun período de dous meses e foran obxecto de sanción.

12) A desobediencia ás ordes ou mandatos dos seus superiores en calquera materia de traballo, se implicase prexuízo notorio para a empresa ou os compañeiros/as de traballo, salvo que sexan debidas a abuso de autoridade.

13) Os atentados contra a liberdade sexual que se produzan aproveitándose dunha posición de superioridade laboral, ou se exerzan sobre persoas especialmente vulnerables pola situación persoal ou laboral.

7. Réxime de sancións.

As sancións máximas que poden impoñerse pola comisión das faltas sinaladas son as seguintes:

a) Por faltas leves: amonestación por escrito.

b) Por faltas graves:

. Amonestación por escrito.

. Suspensión de emprego e soldo de dous a vinte días.

c) Por faltas moi graves.

. Suspensión de emprego e soldo de vinteun a sesenta días.

. Despedimento.

8. Prescrición:

a) Dependendo da súa gradación, as faltas prescriben aos seguintes días:

. Faltas leves: dez días.

. Faltas graves: vinte días.

. Faltas moi graves: sesenta días.

b) A prescrición das faltas sinaladas empezará a contar a partires da data na que a empresa tivera coñecemento da súa comisión e, en todo caso, aos seis meses de terse cometido.

#### **DISPOSICION ADICIONAL PRIMEIRA.- Lexislación Supletoria**

En todo o non expresamente previsto no presente Convenio Colectivo, estarase ó disposto na Ordenanza Laboral de Hospitalización, Consulta e Asistencia, no Estatuto dos Traballadores e demais disposicións legais de aplicación.

## ANEXO I

## TÁBOAS SALARIAIS CONFORME AO PREVISTO NO ARTIGO 16

## I.I GRUPOS, POSTOS DE TRABALLO DE REFERENCIA E NIVEIS SALARIAIS

GRUPO/NIVEL	ÁREA FUNCIONAL SANITARIA	ÁREA FUNCIONAL NON SANITARIA
I	Médico Adxunto/a ou Especialista	Letrado/a Economista Físico/a Químico/a
	Médico Xeneralista	
	Psicólogo/a	
	Farmacéutico/a	
	Odontólogo/a	

GRUPO/NIVEL	ÁREA FUNCIONAL SANITARIA	ÁREA FUNCIONAL NON SANITARIA
II	ATS/DUE	Graduado/a Social Titulado/a Mercantil
	Matrones/as	
	Fisioterapeuta	
	Logopeda	
	Asistente Social	

GRUPO	NIVEL	ÁREA FUNCIONAL SANITARIA	ÁREA FUNCIONAL ADMINISTRACIÓN
III	1	Técnico/a Especialista Hixienista Dental Dietista	Xefe/a de Sección Administrativa
	2		Oficial Administrativo/a

GRUPO	NIVEL	ÁREA FUNCIONAL SANITARIA	ÁREA FUNCIONAL ADMINISTRACIÓN	ÁREA FUNCIONAL SERVICIOS XERAIS	ÁREA FUNCIONAL OFICIOS VARIOS
IV	1			Xefe/a Almacén	
	2	Auxiliar de Enfermería Auxiliar Sanitario/a	Auxiliar Administrativo/a	Cociñeiro/a	Electricista, Mecánico/a Carpinteiro/a, Fontaneiro/a Calefactor, Albañil Xardiñeiro/a Conductor/a Vixiante Nocturno/a

GRUPO	NIVEL	ÁREA FUNCIONAL SANITARIA	ÁREA FUNCIONAL SERVICIOS XERAIS	ÁREA FUNCIONAL OFICIOS VARIOS
V	1	Celador/a Sanitario/a		
		Cuidador/a Sanitario/a		
		Axudante Odontoloxía		
	Axudante Fisioterapia			
	2			

## I.II TÁBOA SALARIAL ACTUALIZADA A 01/01/2024

## TÁBOA SALARIAL ACTUALIZADA A 01/01/2024

GRUPO/NIVEL	Salario Base Mes	Salario Ano
I	1.351,81	20.277,15

GRUPO/NIVEL	Salario Base Mes	Salario Ano
II	1.121,00	16.815,00

GRUPO	NIVEL	Salario Base Mes	Salario Ano
III	1	974,83	14.622,45
	2	938,40	14.076,00

GRUPO	NIVEL	Salario Base Mes	Salario Ano
IV	1	974,83	14.622,45
	2	913,05	13.695,75

GRUPO	NIVEL	Salario Base Mes	Salario Ano
V	1	906,70	13.600,50
	2	905,42	13.581,30

## I.III TÁBOA SALARIAL 2024

Vixencia 01/01/2024-31/12/2024

GRUPO/NIVEL	Salario Base Mes	Salario Ano
I	1.405,88	21.088,20

GRUPO/NIVEL	Salario Base Mes	Salario Ano
II	1.165,85	17.487,75

GRUPO	NIVEL	Salario Base Mes	Salario Ano
III	1	1.013,83	15.207,45
	2	975,93	14.638,95

GRUPO	NIVEL	Salario Base Mes	Salario Ano
IV	1	1.013,83	15.207,45
	2	949,57	14.243,55

GRUPO	NIVEL	Salario Base Mes	Salario Ano
V	1	942,97	14.144,55
	2	941,64	14.124,60

NOTA.- As empresas garantirán que as persoas traballadoras perciban, como mínimo, o salario mínimo interprofesional vixente en 2024 segundo o establecido no artigo 24.

## I.IV TÁBOA SALARIAL 2025

Vixencia 01/01/2025-31/12/2025

GRUPO/NIVEL	Salario Base Mes	Salario Ano
I	1.462,11	21.931,65

GRUPO/NIVEL	Salario Base Mes	Salario Ano
II	1.212,48	18.187,20

GRUPO	NIVEL	Salario Base Mes	Salario Ano
III	1	1.054,38	15.815,70
	2	1.014,97	15.224,55

GRUPO	NIVEL	Salario Base Mes	Salario Ano
IV	1	1.054,38	15.815,70
	2	987,55	14.813,25

GRUPO	NIVEL	Salario Base Mes	Salario Ano
V	1	980,69	14.710,35
	2	979,31	14.689,65

NOTA.- As empresas garantirán que as persoas traballadoras perciban, como mínimo, o salario mínimo interprofesional vixente en 2025 segundo o establecido no artigo 24.

## I.IV TÁBOA SALARIAL 2026

Vixencia 01/01/2026-31/12/2026

GRUPO/NIVEL	Salario Base Mes	Salario Ano
I	1.520,60	22.809,00

GRUPO/NIVEL	Salario Base Mes	Salario Ano
II	1.260,98	18.914,70

GRUPO	NIVEL	Salario Base Mes	Salario Ano
III	1	1.096,56	16.448,40
	2	1.055,57	15.833,55

GRUPO	NIVEL	Salario Base Mes	Salario Ano
IV	1	1.096,56	16.448,40
	2	1.027,05	15.405,75

GRUPO	NIVEL	Salario Base Mes	Salario Ano
V	1	1.019,92	15.298,80
	2	1.018,48	15.277,20

NOTA.- As empresas garantirán que as persoas traballadoras perciban, como mínimo, o salario mínimo interprofesional vixente en 2026 segundo o establecido no artigo 24.

#### ANEXO II

##### PRIMA DE DEMORA DO ARTIGO 17

GRUPO/NIVEL	Prima
I	1.046,24

GRUPO/NIVEL	Prima
II	867,61

GRUPO	NIVEL	Prima
III	1	754,48
	2	726,28

GRUPO	NIVEL	Prima
IV	1	754,48
	2	706,66

GRUPO	NIVEL	Prima
V	1	701,75
	2	700,76

#### ANEXO III

##### TÁBOA ARTIGO 6º, PARÁGRAFO 5

GRUPO/NIVEL	2024/Importe ano	2025/Importe ano	2026/Importe ano
I	405,54	421,76	438,63

GRUPO/NIVEL	2024/Importe ano	2025/Importe ano	2026/Importe ano
II	336,30	349,75	363,74

GRUPO	NIVEL	2024/Importe ano	2025/Importe ano	2026/Importe ano
III	1	292,45	304,15	316,31
	2	281,52	292,78	304,49

GRUPO	NIVEL	2024/Importe ano	2025/Importe ano	2026/Importe ano
IV	1	292,45	304,15	316,31
	2	273,91	284,87	296,27

GRUPO	NIVEL	2024/Importe ano	2025/Importe ano	2026/Importe ano
V	1	272,01	282,89	294,21
	2	271,63	282,49	293,79

R. 1621

## CONCELLOS ANTAS DE ULLA

*Anuncio*

### CONTA XERAL 2023

En cumprimento de canto dispón o artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e unha vez foi debidamente informada pola Comisión Especial de Contas, en sesión de data 31 de maio de 2024, expónse ao público a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2023, por un prazo de quince días, durante os cales quen se estimen persoas interesadas poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións que teñan por convenientes.

Antas de Ulla, 3 de xuño de 2024.-A Alcaldesa, M. Pilar García Porto.

R. 1622

## BEGONTE

*Anuncio*

### CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL: 1 MONITOR DEPORTIVO.

### PROGRAMA REFORZO DO EMPREGO – PLAN DEPUTACION DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2024 (FINANCIADO POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO).

Por Resolución desta Alcaldía de data 5 de xuño de 2024, aprobáronse as bases que rexerán a selección- en réxime laboral temporal, polo prazo de seis (6) meses e xornada completa mediante concurso – oposición, de 1 posto de Monitor Deportivo para a coordinación das actividades deportivas e de lecer a desenvolver no municipio.

As ditas bases están a disposición dos interesados na páxina web do Concello ([www.concellodebegonte.es/gl/concello/emprego](http://www.concellodebegonte.es/gl/concello/emprego)) e no Taboleiro municipal de anuncios, sendo o prazo de presentación de solicitudes de 10 días naturais contar desde a publicación deste anuncio no “Boletín Oficial da Provincia”.

Begonte, 5 de xuño de 2024.- O Alcalde-Presidente, José Ulla Rocha.

R. 1646

## CERVANTES

*Anuncio*

### CONVOCATORIA 1 PEÓN PROGRAMA REFORZO DO EMPREGO 2023.

POSTO DE TRABAJO: PEÓN

LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: No Rexistro Xeral do Concello de Cervantes ou a través de calquera dos medios que prevé o artigo 16.4 da Lei 39/15, de 01 de outubro, no prazo de 3 días hábiles, contados a partir do seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no BOP. No suposto de presentarse a instancia fóra do Rexistro Xeral do Concello de Cervantes, será necesario adiantala por correo electrónico (concello.cervantes.cervantes@eidolocal.es), antes do remate do prazo, para que sexan tidas en conta.

SISTEMA DE SELECCIÓN: Concurso - oposición, segundo o establecido nas bases que se encontran a disposición no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Cervantes.

Cervantes, 5 de Xuño de 2024.- O Alcalde, Benigno Gómez Tadín.

R. 1647

## O INCIO

### Anuncio

#### LISTA DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS, TRIBUNAL E DATA DAS PROBAS NO EXPEDIENTE DE SELECCIÓN PARA A COBERTURA DE SEIS PRAZAS, POLO SISTEMA DE CONCURSO, DE AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR (OEP EXTRAORDINARIA DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL), PERSOAL LABORAL FIXO DO CONCELLO DO INCIO.

Aprobada por Resolución de Alcaldía nº 2024-0130, de data 31/05/2024, dentro do expediente 369/2022, exponse ao público a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as do proceso selectivo para a provisión de seis prazas de Auxiliar de Axuda no Fogar (OEP extraordinaria de estabilización de emprego temporal), persoal laboral fixo do Concello do Incio, así como o nomeamento do tribunal e a convocatoria das probas selectivas:

**“DON HÉCTOR MANUEL CORUJO GONZÁLEZ, Alcalde - Presidente do Concello do Incio, provincia de Lugo.**

*De conformidade co expediente de provisión de seis prazas vacantes de Auxiliar de Axuda no Fogar (OEP extraordinaria de estabilización do emprego temporal), a xornada completa (100%), en réxime de persoal laboral fixo mediante concurso, regulado nas Bases aprobadas por Resolución de Alcaldía - Presidencia número 2022-0450, de data 27/12/2022, publicadas integramente no B.O.P. de Lugo n.º 298, de 30/12/2022, así como anuncio da convocatoria no DOG n.º 33, de 15/02/2024, e BOE n.º 57, de 05/03/2024.*

*Vista a Resolución de Alcaldía nº 2024-0084 de data 15/04/2024 aprobando a lista provisional de admitidos e excluídos do dito proceso selectivo, publicada no BOP de Lugo nº 91 de data 19/04/2024, concedendo un prazo de dez (10) días hábiles para formular reclamacións á lista provisional ou emendar erros.*

*Rematado o prazo de subsanación e analizada a documentación aportada polos candidatos, tendo en conta a competencia que me atribúe o artigo 21.1.g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local,*

#### RESOLVO:

**Primeiro.-** Aprobar a seguinte lista definitiva de admitidos e excluídos no proceso selectivo:

- Relación de aspirantes admitidos/as.

Nº rexistro	Apelidos e Nome	DNI	Acreditación do nivel de galego
2024-E-RC-394	Moscoso Fernández, M <sup>a</sup> José	***7320**	SI
2024-E-RC-399	López De La Fuente, M <sup>a</sup> Luisa	***6913**	SI
2024-E-RC-401	Souto Sampedro, M <sup>a</sup> Eugenia	***2421**	SI
2024-E-RC-470	López García, Tania	***8308**	SI
2024-E-RC-475 2024-E-RC-476	Corujo Armesto, Avelina	***6135**	SI
2024-E-RC-479	Fernández Santos, Rosa Paula	***0191**	NON
2024-E-RC-488	López Pérez, Marta	***7481**	SI
2024-E-RC-492	Armesto Pérez, Elvira	***5799**	NON

- Relación de aspirantes excluídos/as.

Nº rexistro	Apelidos e Nome	DNI	Motivo da exclusión
2024-E-RE-68 2024-E-RE-69	Fernández Rey, Thais	***5824**	Non emenda a documentación indicada na lista provisional (BOP nº 91, 19/04/24) e que motivou a súa exclusión provisional.

**Segundo.-** Proceder a nomear aos seguintes empregados/as públicos, funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo, con titulación de nivel igual ou superior á esixida para o acceso ao posto ou praza, como membros do Tribunal de selección:

CARGO	TITULAR	SUPLENTE
<b>PRESIDENTE</b>	D. Juan Hernando Rosa Ruiz (Secretario-Interventor da Agrupación de Concellos de Bóveda e O Incio, Lugo)	D <sup>a</sup> Cristina Camba Gómez (Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Bóveda, Lugo)
<b>SECRETARIO</b>	D <sup>a</sup> . Ana Belén Castro Gil (Administrativa do Concello do Incio, Lugo)	D <sup>a</sup> Purificación Freán Caldas (Administrativa do Concello do Incio, Lugo)
<b>VOGAL</b>	D <sup>a</sup> María del Carmen Carricajo Alavés (Traballadora social do Concello de Ribeira de Piquín, Lugo)	D <sup>a</sup> Laura Estrada Pérez (Traballadora social do Concello de Monforte de Lemos, Lugo)
<b>VOGAL</b>	D <sup>a</sup> María Jesús Veigas López (Traballadora social do Concello do Incio, Lugo)	D <sup>a</sup> María José Golás Moure (Traballadora social do Concello de Paradela, Lugo)
<b>VOGAL</b>	D. Asier Maceda González (Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello do Incio, Lugo)	D <sup>a</sup> Luisa González Maceda (Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello da Pobra do Brollón, Lugo)

**Terceiro.-** Convocar ao citado Tribunal para o mércores 03/07/2024 ás 12:45 horas na sala de usos múltiples do Concello do Incio aos efectos da súa constitución.

**Cuarto.-** Convocar ao citado Tribunal e ás aspirantes que non acreditaron o coñecemento da lingua galega para a realización da proba escrita de galego o mércores 03/07/2024 ás 13:00 horas na sala de usos múltiples do Concello do Incio.

**Quinto.-** Convocar ao citado Tribunal para o mércores 03/07/2024 ás 13:30 horas para a realización da fase de concurso e valoración dos méritos aportados polas solicitantes.

**Sexto.-** Publicar a presente Resolución no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no taboleiro físico e na sede electrónica deste Concello (<https://concellooincio.sedelectronica.gal>).

Mándao e asíno o Alcalde-Presidente, D. HÉCTOR MANUEL CORUJO GONZÁLEZ, do que o Secretario-Interventor, D. JUAN HERNANDO ROSA RUÍZ, da fe.”

O Incio, 3 de xuño de 2024.- O Alcalde, D. Héctor Manuel Corujo González.

R. 1623

### Anuncio

**LISTA DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS, TRIBUNAL E DATA DAS PROBAS NO EXPEDIENTE DE SELECCIÓN PARA A COBERTURA DE UNHA PRAZA, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, DE AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR (OEP EXTRAORDINARIA DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL), PERSOAL LABORAL FIXO DO CONCELLO DO INCIO.**

Aprobada por Resolución de Alcaldía nº 2024-0129, de data 31/05/2024, dentro do expediente 369/2022, exponese ao público a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as do proceso selectivo para a provisión de unha praza de Auxiliar de Axuda no Fogar (OEP extraordinaria de estabilización de emprego temporal), persoal laboral fixo do Concello do Incio, así como o nomeamento do tribunal e a convocatoria das probas selectivas:



**“DON HÉCTOR MANUEL CORUJO GONZÁLEZ, Alcalde – Presidente do Concello do Incio, provincia de Lugo.**

De conformidade co expediente de provisión de unha praza vacante de Auxiliar de Axuda no Fogar (OEP extraordinaria de estabilización do emprego temporal), a xornada completa (100%), en réxime de persoal laboral fixo mediante concurso - oposición, regulado nas Bases aprobadas por Resolución de Alcaldía – Presidencia número 2022-0450, de data 27/12/2022, publicadas integramente no B.O.P. de Lugo n.º 298, de 30/12/2022, así como anuncio da convocatoria no DOG n.º 33, de 15/02/2024, e BOE n.º 56, de 04/03/2024.

Vista a Resolución de Alcaldía nº 2024-0083 de data 15/04/2024 aprobando a lista provisional de admitidos e excluídos do dito proceso selectivo, publicada no BOP de Lugo nº 91 de data 19/04/2024, concedendo un prazo de dez (10) días hábiles para formular reclamacións á lista provisional ou emendar erros.

Rematado o prazo de subsanación e analizada a documentación aportada polos candidatos, tendo en conta a competencia que me atribúe o artigo 21.1.g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local,

**RESOLVO:**

**Primeiro.-** Aprobar a seguinte lista definitiva de admitidos e excluídos no proceso selectivo:

- Relación de aspirantes admitidos/as.

Nº rexistro	Apelidos e Nome	DNI	Acreditación do nivel de galego
2024-E-RC-442	Pérez Rego, Begoña	***4544**	SI
2024-E-RC-471	López García, Tania	***8308**	SI
2024-E-RC-477	López Vázquez, Fe	***5684**	SI
2024-E-RC-493	Armesto Pérez, Elvira	***5799**	NON

- Relación de aspirantes excluídos/as.

NON HAI

**Segundo.-** Proceder a nomear aos seguintes empregados/as públicos, funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo, con titulación de nivel igual ou superior á esixida para o acceso ao posto ou praza, como membros do Tribunal de selección:

CARGO	TITULAR	SUPLENTE
<b>PRESIDENTE</b>	D. Juan Hernando Rosa Ruiz (Secretario-Interventor da Agrupación de Concellos de Bóveda e O Incio, Lugo)	Dª Cristina Camba Gómez (Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Bóveda, Lugo)
<b>SECRETARIO</b>	Dª Ana Belén Castro Gil (Administrativa do Concello do Incio, Lugo)	Dª Purificación Freán Caldas (Administrativa do Concello do Incio, Lugo)
<b>VOGAL</b>	Dª María del Carmen Carricajo Alavés (Traballadora social do Concello de Ribeira de Piquín, Lugo)	Dª Laura Estrada Pérez (Traballadora social do Concello de Monforte de Lemos, Lugo)
<b>VOGAL</b>	Dª María Jesús Veigas López (Traballadora social do Concello do Incio, Lugo)	Dª María José Golás Moure (Traballadora social do Concello de Paradela, Lugo)
<b>VOGAL</b>	D. Asier Maceda González (Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello do Incio, Lugo)	Dª Luisa González Maceda (Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello da Pobra do Brollón, Lugo)

**Terceiro.-** Convocar ao citado Tribunal para o mércores 03/07/2024 ás 9:15 horas na sala de usos múltiples do Concello do Incio aos efectos da súa constitución.

**Cuarto.-** Convocar ao citado Tribunal e ás aspirantes que non acreditaron o coñecemento da lingua galega para a realización da proba escrita de galego o mércores 03/07/2024 ás 9:30 horas na sala de usos múltiples do Concello do Incio.

**Quinto.-** Convocar ao citado Tribunal e ás aspirantes para o mércores 03/07/2024 ás 10:00 horas aos efectos da realización da fase de oposición, na sala de usos múltiples do Concello do Incio.

**Sexto.-** Convocar ao citado Tribunal para o mércores 03/07/2024 ás 11:00 horas para a realización da fase de concurso e valoración dos méritos aportados polas solicitantes.

**Sétimo.-** Publicar a presente Resolución no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no taboleiro físico e na sede electrónica deste Concello (<https://concellooincio.sedelectronica.gal>).

Mándao e asínao o Alcalde-Presidente, D. HÉCTOR MANUEL CORUJO GONZÁLEZ, do que o Secretario-Interventor, D. JUAN HERNANDO ROSA RUÍZ, da fe.”

O Incio, 3 de xuño de 2024.- O Alcalde, D. Héctor Manuel Corujo González.

R. 1624

## LOURENZÁ

### Anuncio

#### **BASES REGULADORAS Y CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES PARA LA REGENERACIÓN Y RENOVACIÓN URBANA EN EL ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL DE VILANOVA DE LOURENZÁ. PLAN ESTATAL DE VIVENDA 2018-2021**

El Concello de Lourenzá, por acuerdo plenario de fecha 24/04/2002 solicitó la declaración de un área de rehabilitación para su casco antiguo, siendo aportada el 24/07/2002 una delimitación precisa de la posible área de rehabilitación, aportándose un análisis de su situación actual de progresiva degradación, pérdida de población y envejecimiento demográfico. Consecuentemente con fecha 29/01/2003 se produce, por parte de la Consellería de Política Territorial, la declaración da mencionada área de rehabilitación según el plano de delimitación que figura en el expediente y que es el área física objeto de estas ayudas.

Estas bases tienen por objeto regular la concesión de las subvenciones destinadas a financiar los gastos derivados de las actuaciones de regeneración y renovación urbana en el Área de Rehabilitación Integral do Casco Antigo de Lourenzá e Zonas de Respetto, con cargo a los convenios firmados por el Concello para tal objeto, en el marco del Plan Estatal de Rehabilitación Edificatoria 2018-2021 y la Resolución del 3 de agosto de 2018, por la que se regula el procedimiento para la participación en el programa de fomento de regeneración y renovación urbana y rural del Plan Estatal de vivienda 2018-2021.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á notificación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Cúmprase.

Lugo, 30 de maio de 2024.-Alcaldesa- Presidenta, Excma. Sra. Dona Mercedes Paula Alvarellos Fondo.

R. 1627

*Anuncio***DECRETO**

**Excm. Sra. Dona MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.**

Con data vinte e seis de xuño de dous mil vinte e tres, a Xunta de Goberno Local adoptou o acordo 2/349 PERSOAL EVENTUAL DO CONCELLO DE LUGO CORPORACIÓN 2023-2027.

Vista a Providencia da Área de Alcaldía e Planificación de Cidade, de data 23 de maio de 2024, relativa ao nomeamento de don Pablo Daniel González Vázquez no posto de colaborador/asesor número 2 do Gabinete de Alcaldía con data do 3 de xuño de 2024.

Visto que consta retención de crédito para os custos salariais e de seguridade social correspondentes ao mencionado posto nas aplicacións orzamentarias 91201.16000 e 91201.11000.

Visto Informe do Servizo de Persoal de data 24 de maio de 2024.

Visto o informe de Intervención Nº: 2024/775 do 29/05/2024.

Tendo en conta o anterior e de conformidade co disposto no artigo 12 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e no uso das atribucións que me confiren os artigos 104.2 e 124.4 ñ) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Nomear como persoal eventual para o posto de Colaborador Asesor do Gabinete de Alcaldía, con data do 3 de xuño de 2024, a don Pablo Daniel González Vázquez DNI: \*\*\*1588\*\*, que realizará as tarefas de confianza e asesoramento especial, coas seguintes funcións:

Servirlles de apoio e colaboración directa á Alcaldía e ao grupo de goberno, asesoramento especial, relacións institucionais, información e demais funcións que se lles asigne relacionadas coas propias de confianza e asesoramento especial.

**Segundo.-** O réxime xurídico deste persoal eventual atópase regulado no artigo 104 da Lei de bases do réxime local, en concordancia co artigo 176 do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local e no artigo 12 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, do texto refundido do Estatuto básico do empregado público, en especial:

- queda prohibido o exercicio de funcións que impliquen a participación directa ou indirecta das potestades públicas ou na salvagarda dos intereses xerais do Estado e das administracións públicas que lle corresponden exclusivamente ao funcionariado público;
- en ningún caso, o desempeño deste posto constituirá mérito para o acceso á función pública ou á promoción interna;
- a este persoal seralle aplicable, no que sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral do funcionariado de carreira;
- este persoal estará suxeito ao réxime de incompatibilidade do funcionariado público;
- a dedicación será exclusiva e no horario de traballo determinado en función das necesidades existentes.
- o seu cesamento terá lugar por resolución da Alcaldía e, en todo caso, cando se produza o de dona Mercedes Paula Alvarellos Fondo.
- a retribución que percibirá será de 35.925 euros brutos anuais ou, en todo caso, a que se fixe nos orzamentos do Concello para o dito posto.

**Terceiro.-** Notifíquese a presente resolución á interesada e dependencias municipais afectadas, e publíquese no Boletín Oficial da Provincia.

Cúmprase.

Lugo, 30 de maio de 2024.-Alcaldesa- Presidenta, Excm. Sra. Dona Mercedes Paula Alvarellos Fondo.

R.1628

## MONFORTE DE LEMOS

### Anuncio

#### APROBACION PADRONS AXUDA AO FOGAR BASICA E LEI DEPENDENCIA ABRIL 2024 E ANUNCIO DE COBRANZA

Por Xunta de Goberno Local do día 20.05.2024 aprobáronse os padróns de prezos públicos Axuda ao Fogar Básica e Lei Dependencia mes de ABRIL 2024.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, notificáanse colectivamente os recibos derivados destes padróns.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, expóranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario, dos devanditos padróns dende o 14.06.2024 ao 14.08.2024.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, 24 de maio de 2024.- O Alcalde, P.D Decreto de data 21.06.2023 A primeira Tenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 1629

## A POBRA DO BROLLÓN

### Anuncio

O Pleno da Corporación, en sesión ordinaria celebrada o día 3/05/2024, aprobou inicialmente o orzamento xeral do exercicio 2024. Conforme o artigo 169 do TRLFL someteuse o expediente a información pública por prazo de 15 días hábiles. Non producíndose alegacións durante o citado período resulta definitivamente aprobado o Orzamento, Plantilla e Relación de Postos de Traballo do exercicio 2024 segundo decreto do sr. alcalde de data 3/06/2024. En cumprimento do que dispón o apartado 3 do artigo 169 do TRLFL, faise público que dito presuposto ascende tanto en gastos como en ingresos as cantidades que se reflicten por capítulos e que a continuación se expresan segundo o seguinte detalle:

	Gastos		Ingresos	
	Capítulo	Importe	Capítulo	Importe
I	Gastos de persoal	1.050.417,64	Impostos directos	671.000,00
II	Gastos en bens correntes e servizos	731.850,00	Impostos indirectos	100.000,00
III	Gastos financeiros	33.000,00	Taxas e outros ingresos	426.000,00
IV	Transferencias correntes	53.800,00	Transferencias correntes	773.930,83
V	Continxencias	0,00	Ingresos patrimoniais	3.000,00
	Total gastos correntes	1.869.067,64	Total ingresos correntes	1.973.930,83
VI	Inversións reais	46.069,17	Alleamento de inversións reais	0,00
VII	Transferencias de capital	0,00	Transferencias de capital	0,00

VIII	Variación de activos financeiros	0,00	Variación de activos financeiros	0,00
IX	Variación de pasivos financeiros	90.000,00	Variación de pasivos financeiros	46.069,17
	Total gastos de capital	136.069,17	Total ingresos de capital	46.069,17
	<b>Total estado de gastos</b>	<b>2.005.136,81</b>	<b>Total estado de ingresos</b>	<b>2.020.000,00</b>

Na referida sesión, tamén se acordou aprobar a plantilla e relación de postos de traballo desta Corporación que, de acordo co que preceptúa o art. 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, reproducense a continuación:

## ANEXO II. CADRO DE PERSOAL.

### A) Funcionarios de carreira:

Praza	Nº.	Escala/Subescala	Grupo	CD	C. específico	Situación
Secretario-Interventor.	1	Funcionario de Habilitación Nacional	A-2	26	2.364,02	Propiedade
Técnico medio	1	Axente Local de Emprego	A-2	24	589,59	Propiedade
Administrativo Tesoureiro	1	Administración Xeral	C-1	22	1.326,33	Propiedade
Administrativo	1	Administración Xeral	C-1	22	1.100,05	Propiedade
Auxiliar Administrativo	1	Administración Xeral	C-2	14	1.135,39	Interino

### B) Persoal laboral fixo

Denominación	Nº	Posto de Traballo	Grupo	CD	C. específico	Situación
Capataz	1	Servizos Múltiples. Obras.	C-2	14	551,26	Propiedade
Capataz	1	Servizos Múltiples. Fontanería.	C-2	14	551,26	Propiedade
Capataz	1	Servizos Múltiples. Electricidade.	C-2	14	551,26	Propiedade
Auxiliar administrativo	2	Biblioteca e OMX (1/2 xornada)	C-2	14	111,43	Propiedade
Traballo social	1	Servizos sociais. Coordinación servizo.	A-2	20	414,39	Interina
Traballo social	1	Servizos sociais.	A-2	20	363,90	Interina
Educación social	1	Servizos sociais.	A-2	20	363,90	Interina
Auxiliar administrativo s. sociais	1	Servizos sociais	C-2	14	207,20	Propiedade
Técnico medio ambiente	1	Medio ambiente	B	20	124,49	Interina
Conductor	2	Servizo recollida de lixo	C-2	14	522,13	Propiedade
Limpadora	1	Limpeza de edificios (1/2 xornada)	E	14	128,41	Propiedade
Limpadora	1	Limpeza de edificios (1/2 xornada)	E	14	128,41	Vacante
Auxiliar de axuda a domicilio	5	Servizos Dependencia e SAF	C-2	14	305,71	Propiedade
Auxiliar de axuda a domicilio	7	Servizos Dependencia e SAF	C-2	14	305,71	Interina
Auxiliar de axuda a domicilio	4	Servizos Dependencia e SAF	E	12	314,36	Interina

### C) Outros en función de achegas recibidas.

A Pobra do Brollón, 4 de xuño de 2024.- O ALCALDE, José Luis Maceda Vilariño.

R. 1630

## SAMOS

### Anuncio

O día 02/05/2024, a Alcaldesa de Samos, mediante Decreto 2024-0068, aprobou as BASES QUE REXERÁN O PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL (2 COIDADORES/AS DE VIVENDAS COMUNITARIAS DURANTE 6 MESES) QUE SE CONTRATEN NO CONCELLO DE SAMOS AO ABEIRO DO “PROGRAMA DE REFORZO DO EMPREGO” DENTRO DO PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2024 DA DEPUTACIÓN DE LUGO, as cales foron publicadas no BOP de Lugo nº105 do 7 de maio de 2024.

O día, 05/06/2024, a Alcaldesa de Samos, mediante Decreto 2024-0107, acordou apertura dun novoprazo de solicitudes, para un posto decoidador/a de vivendas comunitarias que resultou vacante.

Ábrese o prazo de presentación de solicitudes, que será de 5 días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación do presente anuncio no BOP de Lugo.

As bases reguladoras do procedemento selectivo poderánse consultar tanto no taboleiro físico como na sede electrónica do Concello de Samos no enlace [concellosamos.sedelectronica.gal](http://concellosamos.sedelectronica.gal)

Samos, 5 de xuño de 2024.- A Alcaldesa, María Jesús López López.

R. 1648

## O VALADOURO

### Anuncio

**BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA A CREACIÓN DE UNHA LISTAXE DE EMPREGO COMPLEMENTARIA DE FUNCIONARIOS INTERINOS PARA A EXECUCIÓN DO PROGRAMA DE CARÁCTER TEMPORAL (2 OPERARIOS/AS CONDUTORES SERVIZO VÍAS E OBRAS AO ABEIRO DO PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2024- PROGRAMA REFORZO DO EMPREGO)**

#### PRIMEIRA.— OBXECTO E NORMAS DE APLICACIÓN

É obxecto desta convocatoria establecer o procedemento de selección para a elaboración dunha listaxe de emprego temporal para prestar servizos como persoal funcionario interino (2 OPERARIOS/AS CONDUTORES SERVIZO VÍAS E OBRAS- PROGRAMA REFORZO DO EMPREGO) no Concello de O Valadouro atopándose incluído no artigo 10.c) do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, **complementaria á constituída por Resolución da Alcaldía nº 319/2024 de data 03/06/2024.**

As probas selectivas para o acceso ás convocadas seralles de aplicación a Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, Real Decreto Legislativo 781/86 do 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local, Lei 5/1997 do 22 de xullo de Administración Local de Galicia, Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, Lei 2/2015 do 29 de abril do emprego público de Galicia, Real Decreto Legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e demais disposicións aplicables.

#### SEGUNDA.— CARACTERÍSTICAS DO POSTO DE TRABALLO

- Denominación: 2 Operarios/as condutores.
- Xustificación do nomeamento: Artigo 10.c) do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro: A execución de programas de carácter temporal, que non poderán ter unha duración superior a tres anos, ampliable ata doce meses máis polas leis de Función Pública que se ditan en desenrolo de este Estatuto. A duración deste Programa de Carácter Temporal terá unha duración de **once meses** dende o nomeamento do primeiro operario/a condutor/a do Servizo de Vías e Obras. Sendo o nomeamento de cada un dos traballadores por un período de **nove meses**.
- Servizo de vías e obras do Concello do Valadouro.
- As tarefas dos 2 Operarios condutores servizo de Vías e Obras:
  - Conducción de tractores.



- Condución de maquinaria.
- Calquera outra función relacionada co seu posto de traballo que lle encomende o seu superior xerárquico.
- **Retribucións:** As retribucións que correspondan segundo a lexislación vixente.

### TERCEIRA.—REQUISITOS DOS ASPIRANTES

1. Tódolos requisitos así como os méritos alegados para o concurso, deberán reunirse á data en que remate o prazo de presentación de solicitudes.

2. Con carácter xeral os aspirantes, con anterioridade á finalización do prazo de presentación de instancias, deberán reunir os seguintes requisitos para poder tomar parte nas probas de selección:

a) Ter a nacionalidade española. Tamén poderán participar os nacionais dos Estados Membros da Unión Europea, os cónxuxes dos españois e dos nacionais doutros Estados Membros da Unión Europea, calquera que sexa a súa nacionalidade e sempre que non estean separados de dereito, e os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade dependentes; as persoas incluídas no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores; e os estranxeiros co residencia legal en España.

b) Ter cumpridos 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

c) Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das funcións propias do posto de traballo para o que se opta. A estes efectos, establécese a igualdade de condicións das persoas con diversidade funcional cos demais aspirantes, non podendo fixarse con carácter xeral limitacións físicas ou psíquicas senón nos casos en que sexan incompatibles co normal desempeño do traballo correspondente, adoptándose polo Tribunal cualificador medidas e medios para a realización das probas, de forma que gocen de igualdade de oportunidades cos demais participantes. A condición de minusvalía e a súa compatibilidade acreditarase con certificación expedida polo organismo competente.

d) Non haber sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin se achar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para acceso ao Corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que houbese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Non incorrer en causa de incompatibilidade ou de incapacidade, conforme á normativa vixente.

3. Serán requisitos específicos:

- **Permiso de conducir clase C.**
- **Será imprescindible que as persoas a contratar a través deste programa produzan novas contratacións no Concello, polo que a situación ou procedencia dos candidatos debe provir de situación de desemprego ou de mellora de emprego con independencia de que a xornada laboral sexa parcial ou completa.**

### CUARTA.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

1.-As solicitudes para tomar parte neste proceso selectivo faranse mediante instancia dirixida ao Sr. Alcalde, en modelo que se facilitará no Rexistro Xeral da Corporación, nas que se fará constar que se reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos na base terceira desta convocatoria.

2.- Os aspirantes con algunha diversidade funcional terán que indicalo na solicitude, acompañada da correspondente documentación acreditativa. Así mesmo, terán que solicitar as posibles adaptacións de tempo e medios para a realización dos exercicios nos que esta adaptación sexa necesaria.

3.-As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello do Valadouro no prazo de **tres (3) días HÁBILES** contados dende o día seguinte da publicación do anuncio de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. Tamén se poderán presentar na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/15, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; neste caso, os concursantes deberán comunicalo mediante fax (982 574303) durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias.

4.- A solicitude irá acompañada da seguinte documentación:

- Copia cotexada do Documento Nacional de Identidade ou documento identificativo.
- Copia cotexada do permiso de conducir esixido.
- Relación dos méritos que aleguen para a súa avaliación na fase de concurso, que se acompañará da documentación orixinal (ou fotocopias autenticadas) acreditativa dos mesmos.
- Celga 2 ou deberán superar un exame de galego coa cualificación de APTO.

Non se terán en conta nin serán valorados aqueles méritos que non estean acreditados na forma indicada. Tampouco se terán en conta aqueles méritos que non se acrediten suficientemente no momento de rematar o prazo de presentación de instancias.

Para que teñan validez neste proceso selectivo, tódolos documentos que se presenten deberán estar expedidos nalgunha das linguas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia (galego ou castelán). No caso de tratarse de documentos expedidos noutras Comunidades Autónomas do Estado Español, para que teñan validez deberán estar redactados en lingua castelá ou traducidos polo organismo competente da respectiva Comunidade. Tratándose de documentos expedidos nun país estranxeiro, deberán estar traducidos, validados e apostilados pola correspondente oficina diplomática española ou organismo competente.

Os aspirantes que non posúan a nacionalidade española e sexan nacionais dun Estado Membro da Unión Europea, con dereito a participar nalgún proceso selectivo, deberán presentar unha fotocopia do Pasaporte ou documento que acredite a súa identidade e nacionalidade. De ser o caso, tamén presentarán os documentos que confirmen o vínculo de parentesco e o feito de vivir a expensas ou estar a cargo dunha persoa nacional doutro Estado co que teña o dito vínculo. Así mesmo, deberán achegar unha declaración xurada ou promesa de dita persoa de que non está separado de dereito do seu cónxuxe e, ser o caso, do feito de que o aspirante vive ás súas expensas ou de que está ao seu cargo.

Os demais aspirantes estranxeiros, xunto coa fotocopia do seu Pasaporte en vigor, deberán acompañar copia do documento que acredite que están habilitados a residir e a poder acceder sen limitación ao mercado laboral en España.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os interesados aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

#### **QUINTA.—ADMISIÓN DE ASPIRANTES**

1. Rematado o prazo para presentalas instancias, o Alcalde ditará resolución no prazo máximo de dous días hábiles que conterá:

- A lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión.
- A designación do tribunal cualificador e a data da súa constitución.
- A data, hora e lugar en que se realizará a proba práctica, valoración de méritos e, de ser o caso, proba de galego.

Esta resolución publicarase de xeito íntegro no Taboleiro de Anuncios do Concello e na sede electrónica.

2. Os aspirantes excluídos dispoñen dun prazo de dous días hábiles, contado desde o seguinte ao da publicación da antedita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos.

3. Transcorrido o prazo de subsanación, as reclamacións, se as houbera, serán aceptadas ou rexeitadas mediante resolución pública de Alcaldía, publicada no taboleiro de anuncios e na sede electrónica, aprobando a lista definitiva de admitidos e excluídos.

4. De non haber excluídos ou se non se presentaran reclamacións, a lista provisional elevarase a definitiva automaticamente.

5. A inclusión dos aspirantes nas listas de admitidos non supón, en ningún caso, o recoñecemento por parte desta Administración Municipal de que aqueles reúnen os requisitos esixidos para ser nomeados como funcionarios interinos, requisitos que se deberán acreditar segundo o establecido na base 9ª.

#### **SEXTA.—TRIBUNAL CUALIFICADOR**

Os membros do Tribunal Cualificador serán designados polo Sr. Alcalde – Presidente segundo o disposto no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e en atención ao principio de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros.

A totalidade dos seus membros deberá posuír un nivel de titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza obxecto desta convocatoria.

Deberá tenderse na súa composición, á paridade entre home e muller.

A pertenza ao mesmo será sempre a título individual non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

Non poderán formar parte do Tribunal os funcionarios ou laborais que realizaran tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á convocatoria.

O tribunal de selección poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas, para todas ou algunhas das probas, que colaborarán co órgano de selección exclusivamente no exercicio das súas especialidades

técnicas sen que sexan integrantes do Tribunal, correspondéndolle o asesoramento e ilustración do parecer dos seus membros.

O tribunal cualificador estará integrado do seguinte feito:

- Presidente: Un funcionario de carreira. Con voz e voto.
- Secretario: Un funcionario de carreira. Con voz e voto.
- Vogal: Un funcionario de carreira. Con voz e voto.

A súa composición farase pública na mesma resolución da Alcaldía pola que se aproba a lista provisional de admitidos e excluídos.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando conorra algunha das circunstancias previstas no art. 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 24 da lei citada.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros. En todo caso, será precisa a asistencia do Presidente e Secretario.

O Tribunal Cualificador queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e para tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas bases.

#### **SÉTIMA.—PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN E CUALIFICACIÓN**

O proceso de selección: Concurso- oposición

**FASE DE CONCURSO:** O Tribunal terá en conta os méritos alegados e acreditados, de acordo co seguinte baremo:

1. Cursos e outras actividades de formación relacionados coas funcións do postos (**máximo 2,00 puntos**) Acreditarase mediante copia do Título, Diploma ou certificación.

- Cursos de duración igual ou inferior a 10 horas ou duración non acreditada: 0,05 puntos por cada un.
- Cursos de máis de 10 horas e ata 25 horas: 0,10 puntos por cada un.
- Cursos de mais de 25 horas e ata 50 horas: 0,15 puntos por cada un.
- Cursos de mais de 50 horas e ata 100 horas: 0,20 puntos por cada un.
- Curso de mais de 100 horas e ata 150 horas: 0,25 punto por cada un.
- Cursos de mais de 150 e ata 200 horas: 0,30 puntos por cada un.
- Por cada curso de mais de 200 horas: 0,35 puntos.

2. Experiencia profesional (**máximo 6,00 puntos**) Acreditarase a través de certificación oficial de vida laboral actualizada e a copia do contrato ou certificado de empresa en que consten as tarefas realizadas e a duración.

- Por cada mes de servizo realizando tarefas directamente relacionadas co posto ofertado nunha Entidade pública.....0,40 Puntos.

**FASE DE OPOSICIÓN:** Proba Práctica. (**Máximo 12,00 Puntos**)

Realizarase unha ou varias probas prácticas sobre as funcións a realizar.

A valoración da/s proba/s será entre 0 e 12 puntos, sendo preciso obter un mínimo de 6 puntos para superar o proceso selectivo.

#### **OITAVA.- RELACIÓN DE APROBADOS E ACREDITACIÓN DE REQUISITOS ESIXIDOS**

Unha vez terminada a avaliación dos aspirantes e consideradas as reclamacións presentadas, o Tribunal fará pública a relación de aprobados por orde de puntuación na sede electrónica deste Concello e no Taboleiro de Edictos do mesmo.

Posteriormente, vistas e informadas as alegacións que no seu caso se presentaron, elevarase á Alcaldía a acta do proceso selectivo para que se aprobe a constitución da bolsa coa orde de prelación definitivo de aspirantes, que deberá publicar na sede electrónica do Concello.

**Ao constar de dúas fases diferenciadas o Programa de Carácter Temporal polo que se elaboran estas bases, cada un dos nomeamentos levaranse a cabo por unha duración de 9 meses, facendo o chamamento en primeiro lugar ao aspirante que obtivera unha maior puntuación e encabece a bolsa aprobada pola Alcaldía, e facendo un segundo chamamento ao aspirante que apareza en segundo lugar aos dous meses dende o primeiro dos chamamentos.**

Os aspirantes propostos, cando sexan requiridos para o seu nomeamento, achegarán ante a Administración as condicións de capacidade que lle sexan requiridos.

Quen, dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non presentase a documentación ou da mesma deducíse que carece dalgún dos requisitos esixidos, non poderá ser nomeado, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidese incurrir por falsidade nas súas solicitudes de participación.

As propostas de nomeamento serán adoptadas polo órgano competente a favor dos aspirantes segundo a orde de prelación da relación de persoas aprobadas. Se o aspirante ao que lle correspondese o nomeamento non fose nomeado, ben por desistencia ou por non reunir os requisitos esixidos, convocarase ao seguinte candidato que superase o proceso de selección.

Así mesmo, informarase aos aspirantes acerca do tratamento dos seus datos persoais e do compromiso de confidencialidade con ocasión da relación que se establece co Concello.

Os nomeamentos derivados deste proceso de selección en ningún caso dará lugar ao recoñecemento da condición de funcionario de carreira.

#### **NOVENA. ELABORACIÓN E FUNCIONAMENTO DA BOLSA DE EMPREGO PARA O PROGRAMA ESPECÍFICO DE REFORZO DE EMPREGO 2024 – 2 OPERARIOS CONDUTORES DO SERVIZO DE VÍAS E OBRAS.**

Coa lista de persoas que superasen o proceso selectivo constituirase nunha bolsa de emprego **complementaria á constituída por Resolución da Alcaldía nº 319/2024 de data 03/06/2024**, á que se acudirá para a realización dos chamamentos e para o caso de que as prazas convocadas ao abeiro desta convocatoria quedasen definitivamente vacantes por algunha circunstancia ou para realizar algunha substitución temporal con reserva de praza (referida as prazas desta convocatoria).

A bolsa de emprego estará formada por orde das puntuacións obtidas (suma da fase de concurso e da fase de oposición).

#### **DÉCIMA.—NOMEAMENTO.**

Unha vez aceptado o chamamento, a Presidenta da Corporación, fará o nomeamento a favor das persoas integrantes da listaxe de emprego por orde do posto que ocupen na mesma e con indicación expresa do programa de carácter temporal que xustifique o seu nomeamento.

Asimesmo, na acta de toma de posesión indicárase a duración do programa de carácter temporal (nove meses).

#### **UNDÉCIMA.- TOMA DE POSESIÓN.**

A toma de posesión dos funcionarios interinos terá lugar dentro do prazo de cinco días hábiles, a contar desde a data de publicación do acordo de nomeamento. Quen no prazo indicado non tome posesión sen causa xustificada quedará na situación de cesante, con perda de tódolos dereitos derivados da convocatoria e do nomeamento conferido.

Mentres non se realice a toma de posesión e non se incorporen ao posto de traballo, o aspirante non terá dereito a percepción económica de ningunha clase.

**A persoa nomeada estará obrigada a prestar a súa xornada de traballo na medida e forma requiridas polo interese do servizo, con horario de mañá ou de tarde, ou mesmo fraccionado a xornada se fose preciso, e de acordo coa lexislación aplicable.**

#### **DUODÉCIMA.- FINALIZACIÓN DA RELACIÓN DE INTERINIDADE.**

A Administración formalizará de oficio a finalización da relación de interinidade por calquera das seguintes causas, ademais de polas previstas no artigo 63 do texto refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público, sen dereito a compensación algunha:

- a) Pola finalización do prazo autorizado expresamente recollido no seu nomeamento.
- b) Pola finalización da causa que deu lugar ao seu nomeamento.

#### **DÉCIMO TERCEIRA.- INCOMPATIBILIDADES**

O aspirante proposto quedará suxeito, no seu caso, ao cumprimento das prescricións contidas na Lei 53/1984, de 26 de decembro, sobre Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, e demais normativa aplicable.

#### **DÉCIMO CUARTA.—NORMAS FINAIS**

**Primeira.-** Para todo o non previsto nestas bases, será de aplicación supletoria o establecido na Lei Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei reguladora das Bases do Réxime Local, na Lei de Administración Local de Galicia, na Lei de medidas para a reforma da Función Pública, na Lei de emprego público de Galicia, no Real Decreto 896/1991, sobre regras básicas e programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local, no Real Decreto 364/1995, polo que se aproba o

Regulamento Xeral de ingreso do Persoal ao Servizo da Administración do Estado e na demais lexislación vixente que sexa de aplicación.

**Segunda.-** Agás a convocatoria, que se publicará segundo se establece na base 4ª, os sucesivos actos e comunicacións que se deriven da celebración do proceso selectivo faranse públicos, exclusivamente, a través do taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na páxina web do Concello.

**Terceira.-** Tódolos actos administrativos derivados desta convocatoria, así como das actuacións dos tribunais cualificadores, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei de procedemento administrativo e normas vixentes concordantes.

A presentación de reclamacións non suspenderá a continuación do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo.

**Cuarta.-** Contra as presentes bases e a resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO ante o Xulgado Contencioso Administrativo, no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria.

Con carácter potestativo e previo, poderá interpoñerse RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que adoptou o acordo de aprobación, no prazo de un mes, contado desde o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Todo iso sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro que estime procedente.

## ANEXO I

## SOLICITUDE DO INTERESADO

(BOLSA DE TRABALLO COMPLEMENTARIA FUNCIONARIOS INTERINOS PARA EXECUCIÓN DO PROGRAMA DE CARÁCTER TEMPORAL – 2 OPERARIOS/AS CONDUTORES REFORZO DO EMPREGO 2024)

<b>DATOS DO INTERESADO</b>		
<b>NOME E APELIDOS</b>		<b>NIF</b>
<b>DATOS DE NOTIFICACIÓN</b>		
<b>NOTIFICACIÓN ELÉCTRÓNICA</b>		
<b>NOTIFICACIÓN POSTAL</b>		
<b>DIRECCIÓN</b>		
<b>CÓDIGO POSTAL</b>	<b>MUNICIPIO</b>	<b>PROVINCIA</b>
<b>TELÉFONO</b>	<b>MÓBIL</b>	<b>CORREO ELECTRÓNICO</b>
<p><b>EXPÓN</b></p> <p>Que, tendo coñecemento do procedemento convocado para a constitución dunha bolsa de emprego, conforme ás bases publicadas para a creación dunha listaxe de emprego temporal de funcionarios interinos para a execución do programa (2 OPERARIOS/AS CONDUTORES SERVIZO VÍAS E OBRAS AO ABEIRO DO PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2024 – PROGRAMA REFORZO DO EMPREGO),</p> <p><b>DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Ter nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.</li> <li>• Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.</li> <li>• Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.</li> <li>• Non haber sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.</li> <li>• Acreditación do nivel de idioma galego Celga 2: <ul style="list-style-type: none"> <li><input type="checkbox"/> SI</li> <li><input type="checkbox"/> NON</li> </ul> </li> <li>• Reunir todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases da convocatoria, referidos á data de expiración do prazo de presentación de solicitudes, e mantelos ata o seu nomeamento.</li> </ul>		

Relación de méritos alegados (IMPRESINDIBLE ACHEGAR COPIA E ORIXINAL) xunto co presente anexo.

- -----
- -----
- -----
- -----
- -----
- -----
- -----
- -----
- -----
- -----
- -----
- -----
- -----
- -----

Por todo o cal, SOLICITO que, de conformidade co disposto nos artigos 55 e 56 do texto refundido da Lei de Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, se admita esta solicitude para o proceso de selección de persoal referenciado.

Protección de Datos:

En cumprimento do establecido polo artigo 11 da Lei Orgánica 3/2018 informáse que o responsable do tratamento dos seus datos persoais é o Concello de O Valadouro. Os seus datos serán tratados coa finalidade de xestionar a súa solicitude. Pode exercer o seu dereito de acceso, rectificación, supresión, oposición, portabilidade ou limitación do tratamento dirixíndose ao Concello de O Valadouro no seguinte enderezo postal: Rúa Feira Nova, 1. 27770 O Valadouro. Lugo.

Máis información: [www.valadouro.gal](http://www.valadouro.gal)

En O Valadouro a            de            2024

Asdo: -----

SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE O VALADOURO

Anuncio publicado en: Num BOP 133 año 2024 (10/06/2024 08:00:00)

R. 1649

---

**VILALBA***Anuncio*

Para os efectos do establecido no art. 49 da lei 7/85 do 2 de abril, r/bases réxime local, expónse ó público durante o prazo de **30 días**, as **“Bases do 50 Premio de Poesía do Certame Literario do Concello de Vilalba 2024”**, que se aprobaron por decreto de alcaldía nº651, o día 05/06/2024, có obxecto de que, a partir do mesmo día da súa publicación, xa poidan concorrer ao certame todos os autores que o desexen, calquera que sexa a súa nacionalidade, sempre que presenten as súas obras en lingua galega.

Ditas bases poden ser consultadas no taboleiro de anuncios da sede electrónica <http://vilalba.sedelectronica.es/board> e na páxina web do Concello de Vilalba <https://www.vilalba.gal/>

Vilalba, 5 de xuño de 2024.- A alcaldesa, Marta María Rouco Seoane.

R. 1650

---

**XERMADE***Anuncio***PUBLICACIÓN PADRÓN SAF MES ABRIL DE 2024.**

Por acordo de Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 05/06/2024 aprobouse o padrón correspondente o mes de ABRIL de 2024, da taxa da prestación do servizo de axuda a domicilio.

Dito Padrón queda exposto ó público nas oficinas económicas municipais durante o prazo de quince días hábiles, a contar dende o día seguinte ó da publicación do presente anuncio no BOP. Dito anuncio ten carácter de notificación colectiva ó abeiro do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Lei Xeral Tributaria, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA).

A data de cargo dos recibos domiciliados será a 10/06/2024.

Xermade, 5 de xuño de 2024.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 1670